

ACTA N° 02/2012

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2012.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva do novo Regulamento do uso e funcionamento da praza de abastos do Concello de Moaña.
- 4º.- Dar conta do apoio dos Grupos Políticos Municipais do Concello de Moaña representados na Xunta de Voceiros ás demandas do Comité de Empresa de Factorías Vulcano, e lectura do compromiso de apoio e solidariedade de todos os Grupos Políticos cos traballadores de Vulcano e do sector naval.
- 5º.- Moción da Plataforma de afectados por NG Banco polas participacións preferentes Caixanova-Caixagalicia Morrazo.
- 6º.- Moción do Grupo Municipal do BNG para solicitar de Portos de Galicia a redacción dun Plan de usos dos terreos da súa competencia no Concello de Moaña.
- 7.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre programación de solo industrial en Moaña.
- 8º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Fervenza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 23 de febreiro do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnense os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Fervenza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe.

O Sr. Alcalde sinala que a Orde do día presenta oito puntos e a moción de NG Banco polas participacións preferentes vai no punto quinto. Primeiro trataranse os puntos anteriores.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que hai no Pleno moitas persoas interesadas. Poderíanse debaterse os puntos cuarto e quinto da orde do día en terceiro e cuarto lugar, logo da aprobación das actas e de dar conta das resolucións, en atencións aos traballadores de Vulcano e aos afectados polas participacións preferentes.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, indica que se pode retrasar o asunto da praza de abastos, que pode suscitar debate.

O Sr. Alcalde acorda modificar a orde do día e debater os asuntos cuarto e quinto en terceiro e cuarto lugar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 01/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2012.

O Sr. Santomé, Concelleiro do PP, sinala que non quere polemizar. Pido a retirada da acta das palabras insultantes do Sr. Millán. Pido que retire as palabras que me chamou. Con máis motivo cando vostede é un educador. Pido que retire esas palabras.

O Sr. Millán afirma que cando o Sr. Alcalde concedeu a palabra ao Sr. Santomé o que fixo foi censurar aos Concelleiros do BNG sen responder á pregunta que lle formularon. Veu dicirnos que eramos uns maleducados. Lembreille que non era ninguén para chamarnos a atención. En todo caso, iso corresponde ao Alcalde. Non lle fixen ningunha mención expresa. Unicamente falei de líbero, e non teño moita idea de fútbol. Non paga a pena darlle a oportunidade de volver a sacar ese argumento. Non teño problema en retirar a expresión se se sinte ofendido, pero en calquera caso, o respecto que reclama o Sr. Santomé pode aplicalo cando se refire ao noso Grupo.

Non se suscitan outras intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a a acta nº 01/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

2º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

Non se suscitan intervencións.

3º.- DAR CONTA DO APOIO DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MOAÑA REPRESENTADOS NA XUNTA DE VOCEIROS ÁS DEMANDAS DO COMITÉ DE EMPRESA DE FACTORÍAS VULCANO, E LECTURA DO COMPROMISO DE APOIO E SOLIDARIDADE DE TODOS OS

GRUPOS POLÍTICOS COS TRABALLADORES DE VULCANO E DO SECTOR NAVAL.

O Sr. Alcalde sinala que os representantes dos traballadores remitiron unha moción aos Grupos políticos para ser aprobada en Pleno antes do 13 de febreiro. Como non había Pleno previsto para esa semana acordouse levalo á Xunta de Voceiros e amosar o apoio de todos os Grupos e así se acordou expresamente, apoiando o escrito remitido polos representantes dos traballadores de Vulcano, dando unha resposta rápida en apoio a estes traballadores.

A continuación, o Sr. Alcalde procede á lectura ao escrito asinado en Xunta de Voceiros:

“XUNTA DE VOCEIROS DO CONCELLO DE MOAÑA. APOIO AOS TRABALLADORES DO NAVAL DA COMARCA E DE FACTORÍAS VULCANO

En data 3 de febreiro tense presentado no Concello escrito do Comité de Empresa de Factorías Vulcano dirixido aos Grupos Políticos da Corporación Municipal sinalando que a empresa se atopa inmersa nun concurso de acredores tendo de prazo ata o próximo día 13 de febreiro para asinar un acordo de convenio cos citados acredores para evitar que o Xuíz decrete a liquidación da empresa.

Tamén expresan que o próximo día 10 está convocada unha reunión ca Sociedade Pymar para acordar adherirse ou non ao convenio de acredores de Factorías Vulcano e que a solución do problema depende claramente da vontade política de apostar por un sector vital para Galicia e para a comarca de Vigo.

Á vista da importancia do sector naval e de Factorías Vulcano en canto a postos de traballo en Vigo e na súa comarca, solicitan do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- Apoio da Xunta de Voceiros e dos Grupos Políticos nela representados ao plan de viabilidade de Factorías Vulcano como única alternativa de garantir o futuro do estaleiro e dos máis de mil postos de traballo en xogo.
- Demandar dos Gobernos Autonómico e Estatal como membros integrantes da Sociedade de Reconversión (PYMAR) a adhesión ao convenio de acredores de Factorías Vulcano.

Pola presente propónse dos Grupos Políticos Municipais do Concello de Moaña representados na Xunta de Voceiros o apoio ás demandas do Comité de Empresa de Factorías Vulcano, sen prexuízo, da lectura do compromiso de apoio e solidariedade de todos os Grupos Políticos cos traballadores de Vulcano e do sector naval no vindeiro Pleno Municipal.”

Finalmente, o Sr. Alcalde engade que se trata agora de dar conta do escrito asinado en Xunta de Voceiros.

4º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA DE AFECTADOS POR NG BANCO POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES CAIXANOVA - CAIXAGALICIA MORRAZO.

O Sr. Alcalde afirma que é coñecido por todos o abuso feito a moitas familias da comarca do Morrazo nos seus investimentos. O abuso das entidades bancarias a moitos veciños. Quero manifestarlles o apoio de todos os Grupos da Corporación Municipal como xa fixo o Parlamento de Galicia. Dende o Concello poñeremos todo o apoio precisen os afectados de todos os Grupos Políticos. Esta é a casa de todos. Xa me teño reunido con moitos de vós e cos vosos representantes. Para o que necesitedes aquí estaremos. (Aplausos de gran parte do público asistente).

D. Juan Pérez Rodas, representante da Plataforma de afectados procede a dar lectura á moción presentada:

“PLATAFORMA AFECTADOS PO NG BANCO

Varios centos de veciños de Cangas, Moaña, Bueu, Marín, e outras localidades de toda Galicia estamos a constituírnos en agrupacións de afectados por produtos bancarios (obligacións, participacións preferentes, etc.) e, sobre todo, na **Plataforma de Afectados polas participacións preferentes Caixanova-Caixagalicia Morrazo.**

Esta Plataforma está denunciando o secuestro dos aforros de centos de veciños/as de todo o Morrazo, pero que tamén afecta a miles de galegos, e reclamando a devolución deses aforros xa que foron invertidos polas devanditas entidades bancarias, antes caixas de aforros, en produtos de alto risco, sobre todo, en participacións preferentes, e sin informar aos depositantes.

Durante estes últimos anos, centos de veciños depositaron os seus aforros nestas entidades e, abusando da confianza neles depositada, empregados e directores, invertiros eses cartos en participacións preferentes sin informar realmente das características destes produtos. Traballadores, xubilados/as, xóvenes, autónomos, etc. non podemos disponer dos nosos cartos e non obtemos respostas fiables de ningún responsable da entidade.

A falta de transparencia na tramitación dos depósitos (falta total de información, falta de entrega de documentación sobre o produto, etc.) e o carácter perpetuo das participacións preferentes son a principal característica deste produto, que agora ninguén pode recuperar. Engañados é a palabra con que tódolos afectados definimos o trato recibido por esta entidade, que se di defensora dos intereses financeiros dos galegos.

Ante a repercusión que está tomando o asunto, dado o gran número de afectados destes concellos, consideramos que isto é o suficientemente importante como para que a institución política máis próxima aos veciños se implique dun xeito activo e colabore a solucionar este problema.

ACORDOS

1. Apoio público ás nosas demandas (devolución de tódolos aforros depositados), traslado desta reclamación.

2. Apoio antes as autoridades da Xunta de Galicia, Goberno de España, CNMV e Banco de España, traslado desta reclamación.
3. Apoio ante a dirección de NovaGaliciaBanco en nome de tódolos veciños de afectados.”

Finalmente, o Sr. Rodas afirma que logo de unha reunión mantida onte con representantes do BNG, acordamos a posibilidade de que o Goberno Municipal puidese contratar a unha persoa para a oficina de consumo para recoller a documentación que entreguen os veciños e non teñan que acudir a outros sitios e que a tramitación sexa máis fiable. (Aplausos).

O Sr. Alcalde afirma que está de acordo a poñer a esa persoa a disposición dos afectados.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, manifesta o apoio total e sen matices do Grupo Municipal do BNG e do BNG no seu conxunto ás reclamacións e solicitudes dos afectados. Estamos a vivir unha situación que afecta a arredor de setenta mil clientes do que foi Caixanova e que se viron sometidos ao que hai dez anos na Arxentina deuse en chamar “corralito”, os clientes víronse atrapados, motivado pola falta de control dos organismos supervisores sobre esos produtos bancarios. Clientes atrapados, moitos deles sen ser coñecedores do produto que subscribían e incluso sen dar o seu consentimento formal, sen asinar. É un auténtico fraude, engano, engano que ten responsables, os que deseñaron eses produtos financeiros pensados para operar con grandes capitais asumindo grandes pero non para pequenos aforradores que buscaban algo de rendabilidade para o seu diñeiro pero ca necesidade de dispoñer dos cartos nun curto espazo de tempo. Isto veu motivado pola desregulación do mercado, permitiuse polo Estado a bancos e caixas facer o que lles daba a gaña, sen contar que estaban ao servizo da xente, máis no caso da Caixa. Creo que os afectados son conscientes de que o problema non ten solución de hoxe para mañá, pero na súa unidade e co apoio das Administracións máis próximas hai que insistir en que os cartos son seus, que as entidades atopen unha fórmula para devolver os cartos. As entidades financeiras están a percibir moitos cartos públicos, e teñen que solucionar un problema que eles crearon. Non estamos solo para reflotar bancos, non somos servos dos bancos. Os distintos gobernos, Xunta, Goberno español, deben tomarse este asunto como unha cousa seria. Afecta a moitos galegos e galegas. Deben dar os pasos necesarios para atopar unha solución o máis rápida posible. Conten co noso apoio. Pediría engadir un cuarto punto: Comprometerse a dotar á oficina municipal de consumo para colaborar cos prexudicados na tramitación das súas reclamacións administrativas diante do Instituto Galego de Consumo e da Comisión Nacional do Mercado de Valores de cara a facer valer os dereitos das persoas afectadas. Ao parecer, os afectados, pese ao acordo que se tomou no Parlamento Galego na semana pasada de darlles todo o seu apoio, estanse a atopar con atrancos para tramitar unha simple reclamación diante do Instituto Galego de Consumo. Reclamamos do Instituto Galego de Consumo que atenda como consumidores e clientes a cada un dos prexudicados e que non desvíe as reclamacións presentadas a outras instancias, que asuma as súas funcións. Pedimos ao Alcalde que faga as xestións oportunas ante a Directora Xeral de Comercio para que, xunto ca oficina de consumo do Concello, se poida axudar aos prexudicados nas súas reclamacións, se recollan as reclamacións, se lles oriente e se remitan directamente ao

Instituto Galego de Consumo e pedindo expresamente que non se desvíen para outro sitio. Estamos convencidos de que traballando unidos e co apoio de todos sairemos adiante. (Aplausos).

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, manifesta a apoio do seu Grupo ás demandas dos afectados. Non atopo nada, máis alá de demagogia, que mellore as demandas formuladas no escrito presentado polos afectados. O escrito recolle as ideas fundamentais da situación nos parágrafos terceiro e cuarto: “secostro dos aforros dos veciños, abuso da confianza dos depositantes, sen informar das características dos produtos, falta de transparencia na tramitación dos depósitos... “ É interesante que se movilizase este número de veciños afectados, máis alá das protestas que se están a facer nas distintas sucursais trasladando a cidadanía de que non hai tiburóns ou Soros detrás destas reclamacións, e o que se reclama é a dispoñibilidade dos aforros que todos vós depositastes e por abuso de confianza de empregados e directores se moveron por estas entidades sen facilitar a información axeitada aos usuarios. Non melloro a solicitude. Respecto da reclamación da oficina de consumo, o colectivo está moi organizado, non sei se sodes conscientes da documentación que hai que aportar. Teredes que valorar a posibilidade de facer unha reclamación conxunta. Toda a sorte, aínda que él algo de lei, para poder dispoñer de uns aforros que son vosos. (Aplausos).

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, amosa o apoio do Goberno Municipal á Plataforma de afectados en todo o que sexa necesario e estea nas nosas mans. (Aplausos).

O Sr. Pastoriza engade que se reservan para, unha vez solventado o problema, reclamar que se sinalen aos responsables desta situación. Unha situación que se recolheu pola fusión das caixas. Reservámonos para o momento axeitado.

Finalmente o Sr. Pastoriza pregunta se os afectados van formular unha reclamación individual ou colectiva.

O Sr. Pérez Rodas sinala que serán reclamacións individuais que desenvolverán nunha reclamación colectiva.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a moción Plataforma de afectados por NG Banco polas participacións preferentes Caixanova-Caixagalicia Morrazo, ca proposta de acordo engadido a instancias do BNG, e queda aprobada por unanimidade dos asistentes, cos seguinte acordos:

1. Apoio público ás nosas demandas (devolución de tódolos aforros depositados), traslado desta reclamación.
2. Apoio antes as autoridades da Xunta de Galicia, Goberno de España, CNMV e Banco de España, traslado desta reclamación.
3. Apoio ante a dirección de NovaGaliciaBanco en nome de tódolos veciños de afectados.
4. Comprometerse a dotar á oficina municipal de consumo para colaborar cos prexudicados na tramitación das súas reclamacións administrativas diante do Instituto Galego de Consumo e da Comisión Nacional do Mercado de Valores de cara a facer valer os dereitos das persoas afectadas.

O Sr. Alcalde engade que estarán en contrato para coordinar a oficina, para fixar os horarios de atención aos afectados... En breve poñerémonos en contacto para marcar unha folla de ruta.

(O Alcalde acorda un receso de cinco minutos para que os afectados poidan abandonar a sala de Plenos).

5º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO NOVO REGULAMENTO DO USO E FUNCIONAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE MOAÑA.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta ditaminada en Comisión Informativa:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO NOVO REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE MOAÑA.

Á vista das demandas dos comerciantes da praza de abastos de Moaña e dadas as necesidades de reorganización do servizo e dos distintos postos do mercado o Goberno Municipal presenta a Pleno un novo texto de Regulamento, tendo en conta, ademais, a necesidade de actualizar o vixente texto regulador do servizo.

O 1 de decembro de 2011, o Pleno do Concello aproba inicialmente o Regulamento de uso e funcionamento da praza de abastos do Concello.

O citado expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días, comprendido entre o día 24 de decembro de 2011 e o día 28 de xaneiro de 2012, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 245 do 23/12/11, formulándose no mesmo prazo as seguintes alegacións:

- Grupo Municipal do BNG. Nº de rexistro de entrada 454 de 19 de xaneiro de 2012.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 5 de febreiro de 2012.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite e estimar parcialmente as alegacións presentada por Grupo Municipal do BNG nos termos recollidos no informe da Secretaría incorporando a alegación ao texto do Regulamento respecto da proposta de modificación dos artigos 6, 8, 9 e 10 no que re refire á corrección de desaxustes nos prazos concesionais, aínda que se manteñen os prazos totais das concesións previstos no texto inicialmente aprobado de cincuenta anos para as persoas físicas e clarificando un prazo total de vinte e cinco anos para as xurídicas. Estimar a proposta de modificación dos artigos 5 e 13 no sentido de incluír un trámite de informe da Mesa Local de Comercio en cuestións nas que sería conveniente contar ca súa opinión, como órgano consultivo no ámbito do comercio local. Desestimar a proposta de modificación do artigo 12 por entender que o texto inicialmente aprobado cubriría as necesidades a este respecto e a proposta presentada polo BNG podería ter como resultado a preponderancia de un tipo de postos

sobre outros eliminando a diversidade actual de postos. Estimar a proposta de modificación da disposición transitoria pero co engadido de que se se dan os presupostos fácticos que esixe a regularización dos postos incompatibles ca regulamentación nova debe acometerse tal regularización con carácter inmediato, e fixando o prazo de cinco anos unicamente coma prazo límite para tal regularización.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o novo Regulamento de uso e funcionamento da praza de abastos do Concello de Moaña.

TERCEIRO.- Proceder a publicación do acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro do Regulamento, no BOP previo á súa entrada en vigor.

O texto definitivamente aprobado quedaría co seguinte tenor:

“REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS

CAPÍTULO I RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1

O presente Regulamento ten por obxecto regular a actividade e o fundamento do Servizo Público da Praza de Abastos do Concello de Moaña, en exercicio das competencias conferidas aos concellos polos artigos 25.2.g e 26.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Este servizo municipal prestarase en réxime de xestión directa, sen prexuízo da colaboración da iniciativa privada, a través das concesións que se regulan nesta Regulamento.

Artigo 2

A utilización por parte das e dos particulares das prazas de abastos, como bens de servizo público, só será posíbel baixo a forma de concesións administrativas. A adxudicación de postos de venda terá carácter de concesión administrativa e quen ten a titularidade non adquirirá a propiedade senón un dereito real de ocupación.

Artigo 3

A praza de abastos á que se refire o presente Regulamento é a que, na data de aprobación desta, se atopa localizada na planta baixa do inmoble situado na rúa Concepción Areal, s/n, 36950, Moaña.

A actividade nas prazas de abastos desenvolverase nos espazos destinados para tal fin, que son os seguintes:

1. Postos fixos: superficie pechada de obra, semellante a un local comercial, na que o/a concesionario/a poderá almacenar, expoñer e comercializar os seus artigos.
2. Postos abertos: mesado, diáfano, no que o/a concesionario/a pode expoñer e comercializar os seus artigos.

Artigo 4

Todos os postos do mercado, sexan pechados ou abertos, estarán numerados e ordenados en función do seu destino ou da actividade autorizada.

CAPÍTULO II

DAS CONCESIÓNS E AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Artigo 5

1. Corresponde ao Concello de Moaña a cesión da explotación dos postos a particulares, mediante o outorgamento de concesións administrativas.

2. O obxecto da concesión será a utilización privativa dos postos dos mercados co fin de dedicalos ao servizo de venda ao público duns produtos determinados. A Administración municipal, non obstante, poderá facilitar cambios de actividade comercial naqueles postos que xulgue oportuno, especialmente para promover novas actividades que estean pouco ou nada representadas no mercado, cando haxa demanda por parte das persoas usuarias e a nova actividade resulte compatíbel coa que desenvolven os postos máis próximos.

Á hora de tomar esta decisión, o órgano de goberno competente consultará á Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos e solicitará informe da Mesa Local de Comercio. Ao expediente engadirase tamén informe/proposta se ben do/a concelleiro/a delegado/a de mercados en caso de que esta competencia estea delegada pola Alcaldía.

Igualmente, a Administración municipal poderá esixir das e dos titulares dos postos fixos a colocación, nun lugar visíbel, dunha ficha na que figuren datos tales como o número do posto, o titular da explotación e a actividade autorizada nese posto, así como a alta na Seguridade Social ou o IAE correspondente.

Artigo 6

1. Na adxudicación dos postos que queden vacantes aplicaranse as disposicións vixentes en materia de contratación administrativa. A estes efectos as adxudicacións realizaranse por procedemento aberto, segundo o establecido na normativa reguladora da contratación pública.

O Concello deixará deserta a licitación se non se cubrise o canon inicial e se reserva o uso do dereito de retracto, se se considerase este como beneficioso para os intereses municipais.

O posto outorgarase ao licitador que, reunindo os requisitos esixidos nas Bases, realice a mellor oferta económica ou obteña a maior puntuación, segundo os criterios de axudicación previstos nos pregos.

2. O Concello comprométese a entregar os postos aos/as novos/as Concesionarios/as, nas debidas condicións de uso e funcionamento.

3. Os pregos que regulen o procedemento da concesión dos postos deberán conter como mínimo as seguintes determinacións:

- Posto obxecto da concesión e descrición das súas características, usos e actividades permitidos, así como requisitos que deban cumpri-los licitadores.

- Obras e instalacións que no seu caso deban realiza-los concesionarios.

- Instalacións de titularidade do concello que se entreguen ao concesionario para a súa explotación.

- Prazo da concesión e prórrogas posibles, como límite máximo de 50 anos para persoas físicas e 25 anos para as xurídicas.

- Tipo de licitación da concesión, como canon inicial, que será como mínimo equivalente á taxa dun ano pola prestación do servizo do mercado municipal establecida na Ordenanza Fiscal reguladora das Taxa por Prestación de Servizos dos Mercados Municipais, así coma as garantías definitivas que deberán constituír os concesionarios, que serán do 5% do prezo de adxudicación do posto, salvo outras determinacións específicas contidas no presente regulamento.

Artigo 7

O dereito de uso e aproveitamento dun posto será a título persoal e por tempo determinado.

Artigo 8

O prazo ordinario de concesión será de quince anos no caso de persoas xurídicas, prazo que poderá ampliarse, por prórrogas sucesivas de cinco anos, ata os vintecinco anos. No caso das persoas físicas o prazo ordinario de concesión será de vintecinco anos, que poderá ampliarse, por prórrogas sucesivas de cinco anos, ata os cincuenta anos ou ben ata a xubilación da persoa titular.

Artigo 9

No caso de persoas físicas, e chegado o momento da xubilación da persoa titular, a concesión poderá ser transmitida á familia por liña directa. Se a xubilación se produce nos vintecinco anos de concesión ordinaria, poderá transmitirse ata o remate deste prazo concesional. Se se produce durante algunha das prórrogas, transmitirase ata consumir o prazo de prórroga concedido. Rematados eses prazos, o postos declararase vacante.

Quen ten a titularidade de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderá transferir ou traspasar o seu uso e aproveitamento polo período que reste de concesión, trala autorización da autoridade municipal e o pago das taxas correspondentes, sempre que a parte cedente teña acreditado estar explotando o posto de venda, polo menos, durante o período de cinco anos dende o momento da concesión, e que a parte adquirente reúna as condicións esixidas neste regulamento e no resto da lexislación para poder contratar coas administracións. En ningún caso o prezo declarado de traspaso poderá ser inferior ó prezo da adxudicación inicial da concesión; e para o caso de non existir este non será inferior á cantidade equivalente a unha anualidade vixente das taxas que se satisfagan pola concesión do posto que se pretende traspasar.

Poderase tamén traspasar a concesión e os seus efectos en actos mortis causa, pasando o uso e aproveitamento do posto ás persoas herdeiras en liña directa, nas mesmas condicións que se fixan no parágrafo primeiro deste artigo. Quedará automaticamente extinguida a concesión polo falecemento ou declaración de ausencia de herdeiro/a do titular. Igual sucederá pola disolución da sociedade concesionaria ou a perda das condicións que foran esixidas no momento da concesión, ou calquera outra que sexa relevante e que, per se, obrigue á anulación ou revogación da concesión.

O cambio ou cambios de titularidade non afectarán ao cómputo dos límites da concesión contemplados no artigo 8 ao que se lles sumará, para tal efecto, o tempo transcorrido con motivo da/s anterior/es autorización/s e/ou concesión/s.

Tódalas transmisións deberán ser autorizadas polo Concello, previo pago das taxas establecidas na correspondente Ordenanza fiscal.

Artigo 10

Trala solicitude da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica á que lle vaia rematar o prazo da concesión, o Concello poderá outorgar prórrogas sucesivas de cinco anos cada unha, ata completar un máximo de vintecinco anos no caso das persoas xurídicas e cincuenta anos de concesión no caso de persoas físicas, conforme ao sinalado no artigo 8.

A/s prórroga/s deberá/n ser solicitada/s polos interesados con trinta días de antelación ao remate da concesión e deberá/n ser resolta/s pola Xunta de Goberno municipal antes do dito remate. No caso de que non resolverse, entenderase prorrogada polo espazo dos cinco anos que contempla o parágrafo anterior.

Artigo 11

Finalizada a concesión, e no caso de que non se transmitise esta, o posto reverterá automaticamente ao Concello, coas súas melloras e obras accesorias, sen dereito a indemnización ningunha á parte adxudicataria quen, en todo caso, poderá retirar o mobiliario e maquinaria que tivese instalado coa obriga de deixar o posto en perfectas condicións de uso. Só despois de cumprir con esta obriga, poderá devolvérselle a fianza depositada no momento da adxudicación.

Artigo 12

O Concello dedicará os postos abertos, primeiramente, á venda de produtos do mar (peixes, mariscos...) e produtos da horta (froitas, verduras, hortalizas...). Os postos pechados dedicaranse unicamente á venda de produtos de alimentación.

Artigo 13

O Concello de Moaña, como norma xeral, non incrementará a oferta de produtos en cada un dos mercados con novas concesións ou autorizacións de postos, agás cando se trate de ampliación de concesións xa existentes ou cando se ocupen instalacións preexistentes. No caso de optar por aumentar a oferta en produtos concretos, o Concello consultará a proposta coa Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos e solicitará informe da Mesa Local de Comercio.

Artigo 14

1. Sen prexuízo do establecido na normativa contractual das administracións públicas e noutras disposicións deste regulamento, serán causas de resolución das concesións de postos, as cales determinarán a extinción destas, as seguintes:

1. A renuncia do/a concesionario/a.
2. Mutuo acordo entre a Administración municipal e o/a concesionario/a.
3. A disolución da sociedade titular de concesión provisional. Neste caso primarán os acordos internos das sociedades coas asociacións.
4. A falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas no período dun ano ou cinco alternas no período total da concesión.
5. Ter sido sancionado/a o/a concesionario/a, mediante resolución firme, por infracción moi grave reiterada en materia sanitaria ou de disciplina do mercado.
6. Perda das condicións esixidas ao/á titular para a adxudicación da concesión.
7. Incumprimento reiterado de obrigas esenciais do/a concesionario/a, tipificadas neste regulamento como infraccións moi graves.
8. A non ocupación e explotación do posto de venda por permanecer pechado durante un mes ininterrompido ou sesenta días alternos durante o período dun ano.

CAPÍTULO III DOS/AS CONCESIONARIOS/AS E PERSOAS AUTORIZADAS

Artigo 15

Poderá ser concesionaria dun posto calquera persoa física ou xurídica que dispoña dun título habilitante por parte da Administración municipal, a cal terá a forma de concesión administrativa demanial.

Os/as concesionarios/as deberá reunir os seguintes requisitos:

1. Estar dada/s de alta na actividade censal no epígrafe correspondente, dentro do Concello.
2. Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
3. Estar dada/s de alta na Seguridade Social segundo corresponda en cada caso.
4. Estar ao corrente no pago dos impostos e taxas municipais.

No prazo máximo de trinta días posteriores á comunicación da concesión ou autorización por parte do Concello deberán acreditar os requisitos establecidos nos apartados 1 e 2.

Artigo 16

Un mesmo posto non pode ser concedido a máis dunha persoa física ou persoa xurídica. Tampouco poderá ser concedido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que estean inmersas nalgún caso de prohibición para contratar establecidos na normativa sobre contratos das administracións públicas. Non poderán optar á concesión administrativa de postos aquelas persoas ás que lles fora revogada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves. Tampouco poderán optar os comprendidos nos casos de incapacidade e incompatibilidade sinalados na normativa de contratación das administracións públicas.

Artigo 17

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dispoñer de máis de dous postos en concesión.

Artigo 18

No caso de concesión ou autorización a unha persoa xurídica, esta deberá poñer á fronte do posto persoal empregado en posesión do carné de manipulador de alimentos.

Artigo 19

O Concello poderá requiririlles en calquera intre aos/as concesionarios/as e persoas autorizadas xustificantes conforme cumpren os requisitos establecidos nos artigos anteriores.

CAPÍTULO IV RÉXIME DE EXPLOTACIÓN DOS MERCADOS

Artigo 20

As instalacións destinadas á prestación do servizo de mercado que se regula denominaranse no seu conxunto “praza de abastos de Moaña”.

Artigo 21

As diferentes instalacións e prestacións do servizo adaptaranse ademais no contido deste Regulamento, á Lei 13/2010, do 27 de decembro, de comercio interior de Galicia, e á Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo.

Artigo 22

O local onde se preste o servizo disporá das instalacións mínimas esixidas pola normativa reguladora segundo o tipo de venda que se realice.

Artigo 23

Compételle á Alcaldía ou concellaría delegada a fixación do horario de apertura e peche das prazas de abastos, consultada a asociación de comerciantes da praza de abastos.

CAPÍTULO V DEREITOS, OBRIGAS E PROHIBICIÓNS DAS E DOS TITULARES E PERSOAS AUTORIZADAS

Artigo 24

Son dereitos das e dos titulares dos postos das prazas de abastos:

1. Explotar os postos na forma establecida neste Regulamento durante o tempo de concesión.
2. Utilizar os bens de servizo público necesario para desenvolver as súas actividades no caso de estar a disposición do persoal de vendas: balanzas de peso, cámaras de frío etc...)
3. Que ninguén máis ca eles/as poidan exercer o comercio dentro do recinto das prazas de abastos.
4. Cando deba desocuparse algunha praza por traslado das súas actividades a outro novo, as e os titulares dos postos terán dereito a ocupar un posto de similares características no novo mercado, polo tempo que lles restase para a extinción da concesión inicial. A autoridade municipal, á hora de asignar os novos postos, daralles prioridade aos/ás concesionarios/as existentes, por orde de antigüidade.

Artigo 25

Son obrigas das e dos titulares dos postos das prazas de abastos:

1. Os postos de venda serán atendidos polos/as titulares destes, sen prexuízo da colaboración directa da súa familia, descendentes ou ascendentes, que en todo caso deberá ser autorizada previamente polo Concello, para o cal deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Dispor do correspondente carné de manipulador de alimentos, así como do DNI.
 - Estar afiliado á Seguridade Social.
2. Se contratan outras persoas que presten servizos baixo a súa dependencia, estas persoas deberán estar dadas de alta na Seguridade Social, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos e ter un contrato de traballo.
3. Ter a disposición das autoridades competentes un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello.
4. Deberán facer efectivas as taxas ou dereitos de utilización dos postos establecidos na respectiva ordenanza fiscal, así como as sancións que nesta se establezan.
5. Exercer a súa actividade durante as horas sinaladas para ela, cumprindo co horario de carga e descarga e de venda ao público que estableza o Concello, logo de consultalo coa asociación de comerciantes da praza de abastos.
6. Expoñer á vista do público unha mostra de todos os artigos que se vendan cos seus respectivos prezos. Igualmente, han de contar cos instrumentos regulamentarios de pesar e medir axustados aos modelos oficialmente homologados.
7. Vestir a indumentaria apropiada para realizar a venda e conservala en bo estado de uso e limpeza.
8. Manter en bo estado de limpeza e aseo o seu posto e espazos lindantes, sen ningún tipo de obstáculos e residuos, así coma os útiles necesarios para o desenvolvemento da actividade e a parte do corredor anexa ao posto, na totalidade da súa anchura.
9. Depositar os desperdicios e obxectos inservíbeis en bolsas totalmente pechadas nos colectores destinados para tal fin e nas horas sinaladas.
10. Facilitarlles os datos solicitados ás autoridades competentes cando lle sexan requiridos por estas.
11. Manter en todo momento unha absoluta corrección cos demais persoas usuarias do mercado, empregando boas formas e respecto nas relacións entre si, co público e coas autoridades.
12. Cumprir con tantas obrigas que resulten deste Regulamento e demais disposicións legais que sexan de aplicación en materia de sanidade, alimentación, abastos, comercio, policía, fiscal, laboral e mercantil.
13. Utilizar o posto, só e exclusivamente para o fin para que está destinado e para o que foi concedido.
14. Almacenar as mercadorías dentro do propio posto; non poderán utilizar os espazos comúns ou libres do mercado. Igualmente, absteranse de colocar xéneros, mostras e/ou outros obxectos no chan, na fachada ou na cuberta dos postos, nin sequera con carácter temporal. Non se estacionarán fóra dos postos.
15. Non executar obras nin colocar rótulos sen a preceptiva autorización municipal.
16. A venda levarase a cabo **sempre** dende o interior do posto.

Artigo 26

Con carácter xeral establécense as seguintes prohibicións:

1. Expoñer as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lles correspondan (pasos, frontes...).
2. Limpar despoixos na praza durante o horario sinalado para a venda, salvo aqueles produtos mercados por un/unha cliente/a e que solicite que llos limpen.
3. Guindar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.

4. Reconxelar os alimentos que sufran cambios de temperatura que lle fagan perder as súas condicións específicas. Tampouco se poderán expoñer as mercadorías que precisen de conservación por frío, agás en mobles frigoríficos axeitados para cada caso.
5. Dispoñer de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas das mercadorías.
6. Voceo, o uso de altosfalantes ou de calquera outro medio sonoro para ofrecer os produtos e mercadorías, que supoñan alteracións no transcorrer normalizado da venda.
7. A venda ambulante.
8. O emprego de recipientes ou medios de transporte de mercadorías que danen ou deterioreen o pavimento do recinto.
9. A venda a granel ou por fraccións cando esta venda estea prohibida pola regulamentación técnico-sanitaria ou polas normas específicas.
10. O emprego de papeis, cartóns, xornais, impresos... para envolver produtos. Non terán esta condición de papeis impresos aqueles que leven consignados os datos do/a vendedor/a sobre a cara do papel que non estea en contacto co alimento e que, con carácter xeral, estean autorizados pola inspección sanitaria.
11. Levar a cabo xestións de venda fóra do posto.

CAPÍTULO VI

DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS

DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS

Artigo 27

A prestación de servizos nos mercados municipais ás persoas consumidoras e usuarias efectuarase de conformidade cos principios constitucionais de igualdade e non discriminación. Teñen preferencia as persoas que, na orde temporal, primeiro soliciten os servizos.

As persoas consumidoras e usuarias terán os seguintes dereitos:

1. Ter acceso aos servizos en condicións básicas de igualdade.
2. Utilizar as instalacións do mercado de conformidade co disposto neste regulamento e normativa de obrigado cumprimento.
3. Solicitar da administración municipal o correcto funcionamento das instalacións, denunciando, se é o caso, as irregularidades observadas.
4. Ser informadas das normas do funcionamento do mercado.
5. Ter garantía de que os servizos se prestan con continuidade.
6. Os demais dereitos recoñecidos por este regulamento e normativa de obrigada aplicación.

DEBERES DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS

Artigo 28

1. Utilizar as instalacións do mercado de acordo coa súa natureza e destino.
2. Acatar as instrucións da Administración municipal ditadas en cumprimento deste regulamento e normas de obrigado cumprimento.
3. Non tocar nin apalpar as mercadorías expostas ao público cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorábeis.
4. Responder dos danos ocasionados ás instalacións cando medie dolo ou culpa da persoa consumidora.
5. Os demais deberes que lles impoña ás persoas consumidoras e usuarias a normativa de obrigado cumprimento.

CAPÍTULO VII

INSPECCION SANITARIA E CONTROL DE ALIMENTOS E BEBIDAS

Artigo 29

O servizo de inspección sanitaria da praza de abastos correspóndelle aos organismos competentes da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, os cales poderán realizar tantas comprobacións como crean oportunas para garantir o perfecto estado hixiénico-sanitario dos produtos que se vendan na praza de abastos.

CAPÍTULO VIII OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVIZOS

Artigo 30

Será por conta das e dos titulares dos postos aboar o consumo de auga e electricidade, así como as taxas pola recollida de lixo, saneamento e depuración de augas que o Concello estableza de acordo coas respectivas ordenanzas fiscais.

Artigo 31

Os espazos e superficies de utilización común ou xeral dentro do recinto de cada praza de abastos deberán atoparse expeditos ao tránsito e facilitarán unha axeitada comunicación entre as diferentes áreas comerciais. Deberán, á par, manterse todo o limpos que a propia actividade do mercado o permita, e en perfectas condicións de uso, dende o momento de apertura da praza ata o seu peche.

O Concello de Moaña, como xestor directo do servizo de prazas de abastos, velará polo coidado, limpeza, conservación, mantemento, acondicionamento e vixilancia das instalacións da praza de abastos; non permitirá a venda por parte de persoas non autorizadas nin de especies de produtos prohibidos. Tamén se encargará, de xeito directo ou indirecto, da apertura e axeitado funcionamento das instalacións.

O Concello de Moaña velará, no caso de que existan, polo bo funcionamento das instalacións ou servizos de uso común, como a báscula de repesos, as cámaras frigoríficas etc.

Respecto da recollida de lixo da praza haberá de estarse ás prescricións polas que se rexe o servizo de recollida selectiva que presta a Mancomunidade de Concellos do Morrazo ca separación en orixe por envases, vidro, cartóns, produtos orgánicos...

A autoridade municipal instalará na praza de abastos unha báscula de repeso, na que as persoas consumidoras e usuarias poderán, en todo momento, efectuar a comprobación do peso dos artigos adquiridos. A persoa consumidor que considere unha falta no peso da mercadoría en cuestión poderá reclamar a presenza ante a báscula de repeso dun/ha axente da Policía Local que se atope no recinto ou nas súas proximidades ou do/a concelleiro/a delegado/a de Mercados, no caso de que isto sexa posíbel. Se non fose posíbel a asistencia de ningunha das figuras antes mencionadas, e exclusivamente con efectos probatorios, os/as directivos/as da asociación de comerciantes da praza de abastos correspondente poderán dar fe do sucedido e o seu testemuño se terá en conta na posíbel incoación do correspondente procedemento sancionador. A báscula estará sempre nun lugar visíbel e será accesíbel para calquera persoa usuaria ou consumidora.

No taboleiro de anuncios da praza de abastos, informarase ao público da existencia dun Libro de Reclamacións en cada un dos postos de carácter individual, con follas numeradas. A reclamación farase chegar, por medio da propia persoa usuaria ou pola directiva da asociación concreta á Concellaría de Mercados para adoptar, se é o caso, as medidas procedentes e darlle conta á Alcaldía.

A praza de abastos terá, na vista do público, un taboleiro de anuncios no que se farán públicas cantas disposicións sexan de interese tanto para o persoal de vendas coma para o público en xeral. Non se permitirá ningún tipo de publicidade colocada fóra destes taboleiros, agás os rótulos de cada establecemento nos que se anunciará o nome do ou da titular. Non se permitirá o uso particular de

altofalantes, aparellos de megafonía, repartimento de impresos, voceo ou calquera outro sistema sonoro de ofrecemento de mercadorías ou produtos. A asociación de comerciantes da praza de abastos poderá facer, de xeito colectivo e tras a conformidade da autoridade municipal, campañas de publicidade conxunta.

O Concello de Moaña posúe os poderes de policía precisos para asegurar o correcto funcionamento dos servizos do mercado municipal, tales coma esixir a observancia das normas relativas ao desenvolvemento do servizo por parte de usuarios/as, concesionarios/as e consumidores/as, a imposición de sancións pola Comisión de Infraccións conforme o establecido neste regulamento e na normativa específica aplicábel, esixir o pagamento das taxas e impostos conforme á respectiva ordenanza fiscal e ordenar e executar o desaloxo dos postos que deban quedar libres ou vacantes segundo o estipulado no presente regulamento.

Artigo 32

Será por conta das e dos titulares dos postos mantelos en bo estado de conservación e hixiene. Calquera obra de construción, adaptación ou reforma que queiran realizar as e os titulares dos postos non se poderá facer sen autorización expresa do Concello. As ditas obras quedarán en propiedade municipal, sen ningún dereito de compensación entre as e os titulares.

CAPÍTULO IX INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 33

As e os titulares dos postos serán responsábeis das infraccións que se cometan contra o presente Regulamento e demais normativas vixentes que afecten ao comercio polo miúdo de alimentación.

Artigo 34

As infraccións das e dos titulares dos postos clasifícanse en: leves, graves e moi graves.

1. Considérase falta leve:

- A falta de limpeza nos postos do mercado.
- Guindar lixo e desperdicios fóra dos contedores.
- O abandono de envases e mercadorías dentro do recinto e arredores.
- Os altercados verbais coa clientela, outros/as titulares dos postos ou calquera outra persoa dentro do recinto.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 2000 euros.
- Manter o posto pechado máis de quince días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen previa autorización municipal, aínda que a ou o titular do posto se atope ao corrente no pago das taxas establecidas.
- A non utilización do uniforme que se entenda estandarizado para todo o persoal de vendas do mercado, así coma o incumprimento das normas de aseo persoal por parte dos/as concesionarios/as e os seus colaboradores e colaboradoras.
- Non estar atendido o posto polo/a titular ou a persoa autorizada expresamente polo Concello.
- A desobediencia ou incumprimento das instrucións da persoa encargada da praza de abastos, en materia da súa competencia.
- Todas aquelas infraccións en relación co presente regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.

2. Considérase falta grave:

- Cometer tres faltas leves no prazo dun ano.

- A venda de produtos distintos aos autorizados polo Concello.
- Negarse a presentar calquera documentación relacionada co negocio que sexa solicitada polo persoal autorizado.
- Os altercados que afecten á boa orde do mercado.
- As defraudacións na cantidade ou a calidade dos produtos vendidos, así como a non sinalización dos prezos e calidades dos produtos expostos.
- Manter o posto pechado máis de trinta días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen previa autorización municipal, aínda que a ou o titular do posto se atope ao corrente no pago das taxas establecidas.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por un valor entre 2000,01 euros e 6000,00 euros.
- Desacato ás ordes ou mandatos das autoridades municipais.
- Empregar ou auxiliarse de colaboradores/as para atender o posto sen cumprir a normativa laboral e/ou as especificacións deste regulamento.

3. Considérase falta moi grave:

- Cometer tres faltas graves no prazo dun ano.
- Os roubos e furtos dentro do mercado.
- O impago das taxas correspondentes.
- Destinar o posto de venda a actividades comerciais diferentes ás autorizadas na concesión.
- Non estar atendido o posto polo/a concesionario/a ou persoal asalariado deste.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor superior a 6001,00 euros.
- As ofensas de palabra ou obra ás autoridades municipais, aos/ás axentes da autoridade, ao persoal empregado da Inspección Sanitaria e ás demais persoas usuarias e público da praza.
- O incumprimento da resolución recaída por algunha infracción cometida.
- A realización de modificacións significativas nos postos sen a correspondente autorización municipal ou que modifiquen a súa estrutura construtiva.
- A cesión ou alugueiro do posto sen autorización municipal.
- O incumprimento das condicións hixiénico-sanitarias dos alimentos e dos postos nos que se realiza a súa venda.
- A fraude na cantidade e calidade do xénero vendido.

Artigo 35

O Concello, tras a apertura do correspondente expediente, poderá sancionar a persoa infractora coas seguintes cantidades, segundo a gravidade da infracción, independentemente da cantidade económica que lle supoña á persoa infractora reparar ou repoñer os danos causados.

Faltas leves:

Cun importe entre 30,00 euros e 100,00 euros.

Faltas graves:

Cun importe entre 100,01 euros e 300,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto ata quince días.

Faltas moi graves:

Cun importe entre 300,01 euros e 900,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto por un prazo de ata trinta días ou a rescisión da concesión ou autorización e, consecuentemente, a obriga de deixalo libre no prazo máximo de dez días.

Artigo 36

As faltas incluídas e tipificadas neste regulamento e que teñan a consideración de incumprimentos contractuais, para a súa sanción non precisan da tramitación dun procedemento sancionador, polo que é

suficiente para resolver a denuncia da infracción a incoación do procedemento e a audiencia previa ao/á concesionario/a.

A imposición de sancións polos restantes motivos esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionador que deberá de adecuarse á normativa vixente ao respecto. Serán expedientes instruídos pola concellaría competente e resoltos pola Alcaldía.

A rescisión da concesión por incumprimentos contractuais será acordado pola Alcaldía, tras o informe da concellaría competente, con audiencia ao/á concesionario/a do posto.

Para os efectos probatorios ou aclaratorios, a concellaría ou a Alcaldía poderán solicitar información da asociación de comerciantes da praza de abastos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor deste regulamento quedará derrogado o Regulamento da praza de abastos aprobado polo Pleno o 24 de xaneiro de 1995.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O horario de apertura e peche dos postos será o que estableza a autoridade municipal, para cuxa decisión consultará o parecer da asociación de comerciantes da praza de abastos, sempre respectando o establecido na lexislación vixente ao respecto.

Se fose viábel, tanto económica como organizativamente, a apertura en horario de tarde, esta podería ser autorizada pola autoridade municipal no horario que se estipule por parte desta, e que se fixará sempre consultada a asociación de comerciantes da praza de abastos.

A Administración municipal poderá autorizar, por suxestión dos/as concesionarios/as ou da asociación de comerciantes da praza de abastos, a entrada das e dos titulares dos postos no mercado fóra do horario de apertura ao público, sempre que sexa para levar a cabo a preparación do xénero para a súa posterior venda, retirada deste ou para o acondicionamento do posto, mercadorías ou aparellos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Nos primeiros vinte días de cada ano, a asociación de comerciantes da praza de abastos entregará copia no Concello da proposta do calendario laboral correspondente a ese ano no que se incluírán tamén os horarios de apertura e peche ao público.

Este calendario, tras a supervisión e aprobación da autoridade municipal, será considerado oficial e de obrigado cumprimento para todos os usuarios e usuarias da praza. Na súa elaboración, que se lle entregará como unha proposta á Alcaldía, poderán participar todos e cada un dos concesionarios e concesionarias dos postos, estean ou non asociados/as á asociación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os actuais concesionarios terán a obriga de cumprir e quedarán suxeitos ás disposicións deste Regulamento respecto ao réxime dos postos, duración e transmisións. A aqueles vendedores/as que por razón da ubicación do seu posto de venda ou polos produtos que comercializan non estean amparados por este Regulamento, por incompatibilidade co seu contido, concederáse un prazo máximo de cinco anos para adaptarse aos requirimentos establecidos, mantendo os mesmos dereitos e obrigas, agás o de transmisión en calquera das súas modalidades, o que non obstará á regularización inmediata do posto, no que se refire aos produtos á vender ou á ubicación do posto, de darse os presupostos habilitantes para a mesma. Se transcorridos ese prazo máximo de cinco anos non se producise a regularización da actividade, o Concello declarará a extinción da concesión. Concederanse novos títulos a todos aqueles vendedores/as

que desenvolven a súa actividade na Praza de Abastos e cumpren coas condicións fixadas neste Regulamento, sexa cal sexa o réxime contractual actual, polo período máximo fixado no artigo 8º, a contar dende o día de entrada en vigor do presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente polo Pleno Corporativo, sexa publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

O Sr. Alcalde engade que quere agradecer a colaboracións dos distintos Grupos e en especial de Víctor Pastoriza, que iniciou os trámites xa na lexislatura pasada. O anterior regulamento leva sen correxerse dende o 95. Destacar o esforzo na lexislatura pasada polo Grupo Socialista neste tema. O texto debatiuse en varias comisións e chegouse a acordos. Quero agradecer tamén a colaboración dos comerciantes da praza de abastos no proceso.

A Sra. Ríos, Concelleira do BNG, di que o seu Grupo non está de acordo ca proposta ditaminada. Imos defender as nosas alegacións. É interese dos presentes a aprobación do Regulamento pero o documento ten que aprobarse co consenso dos interesados, os comerciantes da praza. O BNG reuniuse cos praceiros e logo de ler o texto presentamos alegacións. As rexistramos no Rexistro do Concello e as presentamos na Mesa Local de Comercio aos colectivos asistentes. Os comerciantes asumiron as alegacións como propias. O novo Regulamento debe asumir o pasado e mellorando as condicións para o futuro, abrindo a posibilidade de ofertar os novos postos para as persoas que o precisen e así o soliciten. Nestes momentos tan malos nos que hai que facilitar dende as Administracións a creación de postos de traballo. Somos flexibles respecto ás persoas que teñen que regularizar a súa situación para non obrigarlles agora a que teñan que cambiar de actividade, quedándolles pouco para a xubilación. Por iso engadimos o punto de agardar ata a súa xubilación. As alegacións presentadas son correccións ou melloras do texto que non contradín o texto orixinal, que concretan os prazos e os produtos que poden ser vendidos dentro da praza, que como o nome di é unha praza de abastos, de venda de produtos de alimentación. Por todo isto, pedimos apoio ás aprobación das alegacións presentadas e que sometan a votación as alegacións por separado.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, agradece o recoñecemento do Sr. Alcalde á nosa participación na tramitación do Regulamento. O 1 de xaneiro de 2011 deuse un fito moi importante na praza de abastos. Todos os profesionais que prestan o seu servizo nunhas instalacións municipais, como é a praza de abastos, contan dende entón con todos os permisos necesarios, ca tramitación na Seguridade Social e Facenda, tamén se puideron retirar as parrillas de ferro inmundas. O tempo votouse encima e non fixo posible a aprobación dun Regulamento, que xa viña consensuada cos comerciantes, na anterior lexislatura. No proceso houbo aportacións do BNG formulando alegacións e do Secretario Municipal especialmente tratando de enmarcar as concesións dos postos dentro do marco legal, que é o quid da cuestión. Se a día de hoxe, o Concello tivese que asumir a nova creación de unha praza de abastos cos custos para o Concello, que cos impostos íamos pagar todos os gastos, non habería esa posibilidade por moita falta que fixera. Ese é o contexto. Na Ordenanza do 96 a necesidade e a beneficencia eran os

criterios que determinaban a quen se lle daba o posto. Este é o gran cambio, agosra se contemplan os postos como medio de facer negocio, en libre competencia, cunha concesión puidendo o concesionario traspasar o posto e incluso hipotecar o posto no Banco. Este Regulamento, cas matizacións legais do Secretario e as alegacións do BNG, terá como seguinte obxectivo que a praza de abastos non coste un euro aos veciños, e que funcione, que sexa autofinanciable.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Promoción Económica, afirma, que como dixo agora Víctor, en ningún momento fixeron nada sen contar ca opinión dos comerciantes da praza de abastos e do seu Presidente. Non entendo o que se dixo que únicamente un Grupo, o BNG, o que se puxo en contacto con eles para presentar as alegacións. O feito de que non aceptemos todas as alegacións non quere dicir que queiramos poñer trabas a calquera persoa que quera acceder a un posto. En tercer lugar quedou moi ben dicir que aceptan a compatibilidade e que se dan cinco anos a esa persoa que non cumpre agora co necesario para poder estar dentro da praza exercendo a súa actividade, pero non mencionou que se segue esa persoa cinco anos ata a súa xubilación, se lle estaría discriminando porque, unha vez transcorrido os cinco anos, ela non tería opción a que dentro da praza, de quedar un posto vacante, se lle puidera adxudicar. Non xogaríase as mesmas cartas que calquera persoa que nestes momentos é concesionaria dun posto dentro, que no momento da xubilación, nos anos que lle resten de concesión, podería transmitirlos a un fillo ou filla en liña directa. Por iso quedou ben dicilo. Non lle damos as mesmas armas que ás persoas que están dentro. Sobrou dicir iso. Creemos que as alegacións estimables foron estimadas, como foron os desaxustes nos prazos. Non entendemos que se discuta o límite de cincuenta anos que nós propoñíamos dende o principio ou corenta que propón o BNG para persoas físicas, ou vintecinco anos para as persoas xurídicas que nós propoñemos fronte aos vinte anos que propón o BNG. Paréceme unha tontería xogar con estes límites. Por outra parte, respecto da modificación do artigo doce, agora mesma na praza están delimitados perfectamente os postos pechados que se dedican á venda de pescados, hortalizas, pan, charcuterías e carnicerías... Se o sacamos a concurso e premiamos a uns produtos sobre outros podemos pechar o abanico de posibilidades limitando a cantidade e variedade de postos, cando o noso obxectivo é que os usuarios poidan atopar unha gran variedade de produtos alimenticios cando acuda á praza.

O Sr. Pastoriza di que valoran que a aportación do BNG ía máis encamiñada a vender principalmente produtos frescos e naturais na praza, pero como sinala o informe do Secretario, as determinacións incluídas nos artigos doce e no proposto doce bis poden complicar no momento da licitación dos postos. Bástanos ca inclusión da mención de que os postos pechados e abertos dedicaranse unicamente á venda de produtos de alimentación. Respecto aos postos do exterior, a Ordenanza do 2002 regula a venda ambulantes. Polo que foro non se aplicou. Si a aplicou o Goberno anterior con bastante virulencia. Esa Ordenanza establece qué se pode vender e onde. Hai dos postos que se situarían a medio camiño entre a Ordenanza do 96 e a do 2002. Están en parte afectados por cada unha delas. Collen a carne pero non os hosos. Creo que se pode dar a posibilidade de que unha das persoas titulares dos postos entre de inmediato vendendo produtos alimenticiose que haberá unha próxima licitación dos postos interiores. A persoa que non regularice a situación e quede fora se exporá ao que lle poida pasar

cando transcurran os cinco anos e remate o prazo de regularización. Proposta moi xenerosa e que non pisotea os dereitos que podería ter adquiridos.

O Sr. Alcalde afirma que a proposta é a que é. Imos proceder a votación tal como a proposta ven recollida.

O Sr. Millán di que o axeitado é que se proceda a unha votación alegación por alegación, senón podería darse o caso de que votemos en contra do ditame o que suporía votar en contra das alegacións e rexeitar o conxunto o que obrigaría a seguir a tramitar o documento.

O Sr. Secretario sinala que hai unha proposta sobre as alegacións onde se estiman algunhas e se estiman outras.

O Sr. Millán di que a proposta é de estimación parcial das alegacións. Pode darse o caso de que cada Grupo, por motivos distintos rexeitase a proposta sobre as alegacións e en consecuencia, o ditame, e non aprobaríamos nada, nin alegacións nin ditame, nin aprobación definitiva do texto.

O Sr. Secretario sinala que o Alcalde ten que decidir se expón efectivamente a que o ditame saia adiante na votación, cada Grupo terá que pronunciarse.

O Sr. Pastoriza, sinala que como actor participante na tramitación entende que sería unha mágoa que non se acadase o apoio do BNG ao texto, tratando de arranxar as diferenzas que puidese haber en algunha das alegacións. Que cada Grupo poida expresarse respecto de cada unha das alegacións buscando o máximo consenso posible nos puntos importantes.

O Sr. Secretario sinala que as únicas alegacións que non se estiman serían os dos artigos doce e doce bis, o resto das alegacións están incorporadas, á marxe da cuestión dos límites temporais das concesións.

O Sr. Pastoriza afirma que as precisións do informe do Secretario están incorporados á proposta. Respecto os produtos á venda, se a natureza destes vai condicionar e complicar a adxudicación das concesións, para nós é suficiente que se aclare de que se trate en todo caso de produtos alimenticios.

O Sr. Alcalde sinala que é decisión dos Grupos elixir o sistema de votación e finalmente procede á lectura por separado das alegacións e a súa votación.

En primeiro lugar se somete a votación a alegación ao artigo 5º do Regulamento, quedando aprobada a alegación, por unanimidade dos presentes.

Seguidamente, se somete a votación a alegación ao artigo 6º.3º do Regulamento, quedando aprobada a alegación, por unanimidade dos presentes.

A continuación se somete a votación a alegación ao artigo 8º do Regulamento, quedando aprobada a alegación, por unanimidade dos presentes.

A Sra. Maya afirma que a votación desta forme resulta farragosa e que moitos dos Concelleiros non teñen o texto das alegacións diante polo que resulta difícil saber o que se está a votar. Hai alegacións que se estiman parcialmente. Iso de ir alegación por alegación habendo unha proposta formulada...

O Sr. Millán di que practicamente todos están de acordo en todo, pero cando as cousas se tramitan mal pasa isto. Houbo unha primeira Comisión Informativa onde se ditaminou favorablemente co informe do Secretario sobre as alegacións. Houbo unha segunda Comisión onde se presentou o ditame da Alcaldía, votouse e houbo tres votos a favor e catro abstencións. Escoito á Concelleira e non é o mesmo que di o Secretario, como por exemplo na situación que quedan as persoas que non cumpren os requisitos,

nin coincide co que di Víctor. Son dous ou tres detalles. Se non queren liarse podemos votar os puntos onde se ditamina en contra por parte da Alcaldía, onde o ditame é contrario á aceptación da alegación. O demais podemos deixalo. Que sexan corenta ou cincuenta anos de concesión henos indiferente, pero si a cuestión de que a finalidade da praza non é vender sarténs, e de non poñerse o que propoñemos quedaría aberto. E unha cousa moi importante, que os postos non se deben dar por poxa. O concurso debe ser a forma de adxudicación habitual, que se teñan en conta máis razóns que a estrictamente económica. Alguén que ofrezca menos cartos pero que o necesite máis, aínda que oferte algo mellor para vender no posto non vai competir co que dea máis.

O Sr. Alcalde acorda un receso para que os Voceiros dos Grupos se reúnan e acordan o sentido da votación.

Rematado o receso o Sr. Alcalde somete a votación primeiramente os prazos concesionais totais, cincuenta anos para persoas físicas e vintecinco anos para persoas xurídicas. A proposta queda aprobada por unanimidade dos Concelleiros presentes.

En segundo lugar o Sr. Alcalde somete a votación o artigo 12 onde se especifica o contido dos postos, aclarando que serán en todo caso produtos alimenticios pero sina engadir o artigo 12 bis.

O Sr. Pastoriza pregunta se se somete a votación o proposto no ditame.

O Sr. Alcalde di que si.

A proposta queda aprobada por dez votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE e sete votos en contra, dos Concelleiros do BNG.

O Sr. Pastoriza sinala que como aclaración ao sentido do voto, que a proposta do BNG probablemente era máis clarificadora respecto da finalidade da praza. Pero sendo consecuentes sabemos que Zara e o Corte Inglés non van vir a unha poxa da praza. Ademais a complexidade do procedemento que o Secretario manifestaba non compensa o mecanismo, que xa propoñía a xerencia da praza de abastos.

Finalmente, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da disposición transitoria, conforme foi ditaminada en Comisión. A proposta queda aprobada por unanimidade dos Concelleiros presentes.

O Sr. Pastoriza sinala que logo da entrada en vigot, e no caso do posto de roupa, podería acceder a un posto do interior pero vendendo o que o Regulamento prevé ou se arrisca a que perda os dereitos que podería ter.

Anexo (Texto definitivo)

“REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS

CAPÍTULO I RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1

O presente Regulamento ten por obxecto regular a actividade e o fundamento do Servizo Público da Praza de Abastos do Concello de Moaña, en exercicio das competencias conferidas aos concellos polos artigos 25.2.g e 26.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Este servizo municipal prestarase en réxime de xestión directa, sen prexuízo da colaboración da iniciativa privada, a través das concesións que se regulan nesta Regulamento.

Artigo 2

A utilización por parte das e dos particulares das prazas de abastos, como bens de servizo público, só será posíbel baixo a forma de concesións administrativas. A adxudicación de postos de venda terá carácter de concesión administrativa e quen ten a titularidade non adquirirá a propiedade senón un dereito real de ocupación.

Artigo 3

A praza de abastos á que se refire o presente Regulamento é a que, na data de aprobación desta, se atopa localizada na planta baixa do inmovible situado na rúa Concepción Areal, s/n, 36950, Moaña.

A actividade nas prazas de abastos desenvolverase nos espazos destinados para tal fin, que son os seguintes:

2. Postos fixos: superficie pechada de obra, semellante a un local comercial, na que o/a concesionario/a poderá almacenar, expoñer e comercializar os seus artigos.
3. Postos abertos: mesado, diáfano, no que o/a concesionario/a pode expoñer e comercializar os seus artigos.

Artigo 4

Todos os postos do mercado, sexan pechados ou abertos, estarán numerados e ordenados en función do seu destino ou da actividade autorizada.

CAPÍTULO II DAS CONCESIÓN E AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Artigo 5

1. Corresponde ao Concello de Moaña a cesión da explotación dos postos a particulares, mediante o outorgamento de concesións administrativas.

2. O obxecto da concesión será a utilización privativa dos postos dos mercados co fin de dedicalos ao servizo de venda ao público duns produtos determinados. A Administración municipal, non obstante, poderá facilitar cambios de actividade comercial naqueles postos que xulgue oportuno, especialmente para promover novas actividades que estean pouco ou nada representadas no mercado, cando haxa demanda por parte das persoas usuarias e a nova actividade resulte compatíbel coa que desenvolven os postos máis próximos.

Á hora de tomar esta decisión, o órgano de goberno competente consultará á Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos e solicitará informe da Mesa Local de Comercio. Ao expediente engadirase tamén informe/proposta se ben do/a concelleiro/a delegado/a de mercados en caso de que esta competencia estea delegada pola Alcaldía.

Igualmente, a Administración municipal poderá esixir das e dos titulares dos postos fixos a colocación, nun lugar visíbel, dunha ficha na que figuren datos tales como o número do posto, o titular da explotación e a actividade autorizada nese posto, así como a alta na Seguridade Social ou o IAE correspondente.

Artigo 6

1. Na adxudicación dos postos que queden vacantes aplicaranse as disposicións vixentes en materia de contratación administrativa. A estes efectos as adxudicacións realizaranse por procedemento aberto, segundo o establecido na normativa reguladora da contratación pública.

O Concello deixará deserta a licitación se non se cubrise o canon inicial e se reserva o uso do dereito de retracto, se se considerase este como beneficioso para os intereses municipais.

O posto outorgarase ao licitador que, reunindo os requisitos esixidos nas Bases, realice a mellor oferta económica ou obteña a maior puntuación, segundo os criterios de axudicación previstos nos pregos.

2. O Concello comprométese a entregar os postos aos\vas novos/as Concesionarios/as, nas debidas condicións de uso e funcionamento.

3. Os pregos que regulen o procedemento da concesión dos postos deberán conter como mínimo as seguintes determinacións:

- Posto obxecto da concesión e descrición das súas características, usos e actividades permitidos, así como requisitos que deban cumprirlos licitadores.

- Obras e instalacións que no seu caso deban realiza-los concesionarios.

- Instalacións de titularidade do concello que se entreguen ao concesionario para a súa explotación.

- Prazo da concesión e prórrogas posibles, como límite máximo de 50 anos para persoas físicas e 25 anos para as xurídicas.

- Tipo de licitación da concesión, como canon inicial, que será como mínimo equivalente á taxa dun ano pola prestación do servizo do mercado municipal establecida na Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por Prestación de Servizos dos Mercados Municipais, así coma as garantías definitivas que deberán constituir os concesionarios, que serán do 5% do prezo de adxudicación do posto, salvo outras determinacións específicas contidas no presente regulamento.

Artigo 7

O dereito de uso e aproveitamento dun posto será a título persoal e por tempo determinado.

Artigo 8

O prazo ordinario de concesión será de quince anos no caso de persoas xurídicas, prazo que poderá ampliarse, por prórrogas sucesivas de cinco anos, ata os vinte e cinco anos. No caso das persoas físicas o prazo ordinario de concesión será de vinte e cinco anos, que poderá ampliarse, por prórrogas sucesivas de cinco anos, ata os cincuenta anos ou ben ata a xubilación da persoa titular.

Artigo 9

No caso de persoas físicas, e chegado o momento da xubilación da persoa titular, a concesión poderá ser transmitida á familia por liña directa. Se a xubilación se produce nos vinte e cinco anos de concesión ordinaria, poderá transmitirse ata o remate deste prazo concesional. Se se produce durante algunha das prórrogas, transmitirse ata consumir o prazo de prórroga concedido. Rematados eses prazos, o posto declararase vacante.

Quen ten a titularidade de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderá transferir ou traspasar o seu uso e aproveitamento polo período que reste de concesión, trala autorización da autoridade municipal e o pago das taxas correspondentes, sempre que a parte cedente teña acreditado estar explotando o posto de venda, polo menos, durante o período de cinco anos dende o momento da concesión, e que a parte adquirente reúna as condicións esixidas neste regulamento e no resto da lexislación para poder contratar coas administracións. En ningún caso o prezo declarado de traspaso poderá ser inferior ó prezo da adxudicación inicial da concesión; e para o caso de non existir este non será inferior á cantidade equivalente a unha anualidade vixente das taxas que se satisfagan pola concesión do posto que se pretende traspasar.

Poderase tamén traspasar a concesión e os seus efectos en actos mortis causa, pasando o uso e aproveitamento do posto ás persoas herdeiras en liña directa, nas mesmas condicións que se fixan no parágrafo primeiro deste artigo. Quedará automaticamente extinguida a concesión polo falecemento ou declaración de ausencia de herdeiro/a do titular. Igual sucederá pola disolución da sociedade concesionaria ou a perda das condicións que foran esixidas no momento da concesión, ou calquera outra que sexa relevante e que, per se, obrigue á anulación ou revogación da concesión.

O cambio ou cambios de titularidade non afectarán ao cómputo dos límites da concesión contemplados no artigo 8 ao que se lles sumará, para tal efecto, o tempo transcorrido con motivo da/s anterior/es autorización/s e/ou concesión/s.

Tódalas transmisións deberán ser autorizadas polo Concello, previo pago das taxas establecidas na correspondente Ordenanza fiscal.

Artigo 10

Trala solicitude da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica á que lle vaia rematar o prazo da concesión, o Concello poderá outorgar prórrogas sucesivas de cinco anos cada unha, ata completar un máximo de vinte e cinco anos no caso das persoas xurídicas e cincuenta anos de concesión no caso de persoas físicas, conforme ao sinalado no artigo 8.

A/s prórroga/s deberá/n ser solicitada/s polos interesados con trinta días de antelación ao remate da concesión e deberá/n ser resolta/s pola Xunta de Goberno municipal antes do dito remate. No caso de que non resolverse, entenderase prorrogada polo espazo dos cinco anos que contempla o parágrafo anterior.

Artigo 11

Finalizada a concesión, e no caso de que non se transmitise esta, o posto reverterá automaticamente ao Concello, coas súas melloras e obras accesorias, sen dereito a indemnización ningunha á parte adxudicataria quen, en todo caso, poderá retirar o mobiliario e maquinaria que tivese instalado coa obriga de deixar o posto en perfectas condicións de uso. Só despois de cumprir con esta obriga, poderá devolvérselle a fianza depositada no momento da adxudicación.

Artigo 12

O Concello dedicará os postos abertos, primeiramente, á venda de produtos do mar (peixes, mariscos...) e produtos da horta (froitas, verduras, hortalizas...). Os postos pechados dedicaranse unicamente á venda de produtos de alimentación.

Artigo 13

O Concello de Moaña, como norma xeral, non incrementará a oferta de produtos en cada un dos mercados con novas concesións ou autorizacións de postos, agás cando se trate de ampliación de concesións xa existentes ou cando se ocupen instalacións preexistentes. No caso de optar por aumentar a oferta en produtos concretos, o Concello consultará a proposta coa Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos e solicitará informe da Mesa Local de Comercio.

Artigo 14

1. Sen prexuízo do establecido na normativa contractual das administracións públicas e noutras disposicións deste regulamento, serán causas de resolución das concesións de postos, as cales determinarán a extinción destas, as seguintes:

9. A renuncia do/a concesionario/a.
10. Mutuo acordo entre a Administración municipal e o/a concesionario/a.
11. A disolución da sociedade titular de concesión provisional. Neste caso primarán os acordos internos das sociedades coas asociacións.
12. A falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas no período dun ano ou cinco alternas no período total da concesión.
13. Ter sido sancionado/a o/a concesionario/a, mediante resolución firme, por infracción moi grave reiterada en materia sanitaria ou de disciplina do mercado.
14. Perda das condicións esixidas ao/á titular para a adxudicación da concesión.
15. Incumprimento reiterado de obrigas esenciais do/a concesionario/a, tipificadas neste regulamento como infraccións moi graves.
16. A non ocupación e explotación do posto de venda por permanecer pechado durante un mes ininterrompido ou sesenta días alternos durante o período dun ano.

CAPÍTULO III DOS/AS CONCESIONARIOS/AS E PERSOAS AUTORIZADAS

Artigo 15

Poderá ser concesionaria dun posto calquera persoa física ou xurídica que dispoña dun título habilitante por parte da Administración municipal, a cal terá a forma de concesión administrativa demanial.

Os/as concesionarios/as deberá reunir os seguintes requisitos:

5. Estar dada/s de alta na actividade censual no epígrafe correspondente, dentro do Concello.
6. Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
7. Estar dada/s de alta na Seguridade Social segundo corresponda en cada caso.
8. Estar ao corrente no pago dos impostos e taxas municipais.

No prazo máximo de trinta días posteriores á comunicación da concesión ou autorización por parte do Concello deberán acreditar os requisitos establecidos nos apartados 1 e 2.

Artigo 16

Un mesmo posto non pode ser concedido a máis dunha persoa física ou persoa xurídica. Tampouco poderá ser concedido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que estean inmersas nalgún caso de prohibición para contratar establecidos na normativa sobre contratos das administracións públicas. Non poderán optar á concesión administrativa de postos aquelas persoas ás que lles fora revogada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves. Tampouco poderán optar os comprendidos nos casos de incapacidade e incompatibilidade sinalados na normativa de contratación das administracións públicas.

Artigo 17

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dispoñer de máis de dous postos en concesión.

Artigo 18

No caso de concesión ou autorización a unha persoa xurídica, esta deberá poñer á fronte do posto persoal empregado en posesión do carné de manipulador de alimentos.

Artigo 19

O Concello poderá requiririlles en calquera intre aos/as concesionarios/as e persoas autorizadas xustificantes conforme cumpren os requisitos establecidos nos artigos anteriores.

CAPÍTULO IV RÉXIME DE EXPLOTACIÓN DOS MERCADOS

Artigo 20

As instalacións destinadas á prestación do servizo de mercado que se regula denominaranse no seu conxunto “praza de abastos de Moaña”.

Artigo 21

As diferentes instalacións e prestacións do servizo adaptaranse ademais no contido deste Regulamento, á Lei 13/2010, do 27 de decembro, de comercio interior de Galicia, e á Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo.

Artigo 22

O local onde se preste o servizo disporá das instalacións mínimas esixidas pola normativa reguladora segundo o tipo de venda que se realice.

Artigo 23

Compételle á Alcaldía ou concellaría delegada a fixación do horario de apertura e peche das prazas de abastos, consultada a asociación de comerciantes da praza de abastos.

CAPÍTULO V DEREITOS, OBRIGAS E PROHIBICIÓNS DAS E DOS TITULARES E PERSOAS AUTORIZADAS

Artigo 24

Son dereitos das e dos titulares dos postos das prazas de abastos:

5. Explotar os postos na forma establecida neste Regulamento durante o tempo de concesión.
6. Utilizar os bens de servizo público necesario para desenvolver as súas actividades no caso de estar a disposición do persoal de vendas: balanzas de peso, cámaras de frío etc...)
7. Que ninguén máis ca eles/as poidan exercer o comercio dentro do recinto das prazas de abastos.
8. Cando deba desocuparse algunha praza por traslado das súas actividades a outro novo, as e os titulares dos postos terán dereito a ocupar un posto de similares características no novo mercado, polo tempo que lles restase para a extinción da concesión inicial. A autoridade municipal, á hora de asignar os novos postos, daralles prioridade aos/ás concesionarios/as existentes, por orde de antigüidade.

Artigo 25

Son obrigas das e dos titulares dos postos das prazas de abastos:

2. Os postos de venda serán atendidos polos/as titulares destes, sen prexuízo da colaboración directa da súa familia, descendentes ou ascendentes, que en todo caso deberá ser autorizada previamente polo Concello, para o cal deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Dispor do correspondente carné de manipulador de alimentos, así como do DNI.
 - Estar afiliado á Seguridade Social.
17. Se contratan outras persoas que presten servizos baixo a súa dependencia, estas persoas deberán estar dadas de alta na Seguridade Social, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos e ter un contrato de traballo.
18. Ter a disposición das autoridades competentes un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello.
19. Deberán facer efectivas as taxas ou dereitos de utilización dos postos establecidos na respectiva ordenanza fiscal, así como as sancións que nesta se establezan.
20. Exercer a súa actividade durante as horas sinaladas para ela, cumprindo co horario de carga e descarga e de venda ao público que estableza o Concello, logo de consultalo coa asociación de comerciantes da praza de abastos.
21. Expoñer á vista do público unha mostra de todos os artigos que se vendan cos seus respectivos prezos. Igualmente, han de contar cos instrumentos regulamentarios de pesar e medir axustados aos modelos oficialmente homologados.
22. Vestir a indumentaria apropiada para realizar a venda e conservala en bo estado de uso e limpeza.

23. Manter en bo estado de limpeza e aseo o seu posto e espazos lindantes, sen ningún tipo de obstáculos e residuos, así coma os útiles necesarios para o desenvolvemento da actividade e a parte do corredor anexa ao posto, na totalidade da súa anchura.
24. Depositar os desperdicios e obxectos inservíbeis en bolsas totalmente pechadas nos colectores destinados para tal fin e nas horas sinaladas.
25. Facilitarlles os datos solicitados ás autoridades competentes cando lle sexan requiridos por estas.
26. Manter en todo momento unha absoluta corrección cos demais persoas usuarias do mercado, empregando boas formas e respecto nas relacións entre si, co público e coas autoridades.
27. Cumprir con tantas obrigas que resulten deste Regulamento e demais disposicións legais que sexan de aplicación en materia de sanidade, alimentación, abastos, comercio, policía, fiscal, laboral e mercantil.
28. Utilizar o posto, só e exclusivamente para o fin para que está destinado e para o que foi concedido.
29. Almacenar as mercadorías dentro do propio posto; non poderán utilizar os espazos comúns ou libres do mercado. Igualmente, absteranse de colocar xéneros, mostras e/ou outros obxectos no chan, na fachada ou na cuberta dos postos, nin sequera con carácter temporal. Non se estacionarán fóra dos postos.
30. Non executar obras nin colocar rótulos sen a preceptiva autorización municipal.
31. A venda levarase a cabo **sempre** dende o interior do posto.

Artigo 26

Con carácter xeral establécense as seguintes prohibicións:

12. Expoñer as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lles correspondan (pasos, frontes...).
13. Limpar despozos na praza durante o horario sinalado para a venda, salvo aqueles produtos mercados por un/unha cliente/a e que solicite que llos limpen.
14. Guindar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.
15. Reconxelar os alimentos que sufran cambios de temperatura que lle fagan perder as súas condicións específicas. Tampouco se poderán expoñer as mercadorías que precisen de conservación por frío, agás en mobles frigoríficos axeitados para cada caso.
16. Dispoñer de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas das mercadorías.
17. Voceo, o uso de altofalantes ou de calquera outro medio sonoro para ofrecer os produtos e mercadorías, que supoñan alteracións no transcorrer normalizado da venda.
18. A venda ambulante.
19. O emprego de recipientes ou medios de transporte de mercadorías que danen ou deterioreen o pavimento do recinto.
20. A venda a granel ou por fraccións cando esta venda estea prohibida pola regulamentación técnico-sanitaria ou polas normas específicas.
21. O emprego de papeis, cartóns, xornais, impresos... para envolver produtos. Non terán esta condición de papeis impresos aqueles que leven consignados os datos do/a vendedor/a sobre a cara do papel que non estea en contacto co alimento e que, con carácter xeral, estean autorizados pola inspección sanitaria.
22. Levar a cabo xestións de venda fóra do posto.

CAPÍTULO VI

DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS

DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS

Artigo 27

A prestación de servizos nos mercados municipais ás persoas consumidoras e usuarias efectuarase de conformidade cos principios constitucionais de igualdade e non discriminación. Teñen preferencia as persoas que, na orde temporal, primeiro soliciten os servizos.

As persoas consumidoras e usuarias terán os seguintes dereitos:

7. Ter acceso aos servizos en condicións básicas de igualdade.
8. Utilizar as instalacións do mercado de conformidade co disposto neste regulamento e normativa de obrigado cumprimento.
9. Solicitar da administración municipal o correcto funcionamento das instalacións, denunciando, se é o caso, as irregularidades observadas.
10. Ser informadas das normas do funcionamento do mercado.
11. Ter garantía de que os servizos se prestan con continuidade.
12. Os demais dereitos recoñecidos por este regulamento e normativa de obrigada aplicación.

DEBERES DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS

Artigo 28

6. Utilizar as instalacións do mercado de acordo coa súa natureza e destino.
7. Acatar as instrucións da Administración municipal dítadas en cumprimento deste regulamento e normas de obrigado cumprimento.
8. Non tocar nin apalpar as mercadorías expostas ao público cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorábeis.
9. Responder dos danos ocasionados ás instalacións cando medie dolo ou culpa da persoa consumidora.
10. Os demais deberes que lles impoña ás persoas consumidoras e usuarias a normativa de obrigado cumprimento.

CAPÍTULO VII INSPECCION SANITARIA E CONTROL DE ALIMENTOS E BEBIDAS

Artigo 29

O servizo de inspección sanitaria da praza de abastos correspóndelle aos organismos competentes da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, os cales poderán realizar tantas comprobacións como crean oportunas para garantir o perfecto estado hixiénico-sanitario dos produtos que se vendan na praza de abastos.

CAPÍTULO VIII OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVIZOS

Artigo 30

Será por conta das e dos titulares dos postos aboar o consumo de auga e electricidade, así como as taxas pola recollida de lixo, saneamento e depuración de augas que o Concello establece de acordo coas respectivas ordenanzas fiscais.

Artigo 31

Os espazos e superficies de utilización común ou xeral dentro do recinto de cada praza de abastos deberán atoparse expeditos ao tránsito e facilitarán unha axeitada comunicación entre as diferentes áreas comerciais. Deberán, á par, manterse todo o limpos que a propia actividade do mercado o permita, e en perfectas condicións de uso, dende o momento de apertura da praza ata o seu peche.

O Concello de Moaña, como xestor directo do servizo de prazas de abastos, velará polo coidado, limpeza, conservación, mantemento, acondicionamento e vixilancia das instalacións da praza de abastos; non permitirá a venda por parte de persoas non autorizadas nin de especies de produtos prohibidos. Tamén se encargará, de xeito directo ou indirecto, da apertura e axeitado funcionamento das instalacións.

O Concello de Moaña velará, no caso de que existan, polo bo funcionamento das instalacións ou servizos de uso común, como a báscula de repesos, as cámaras frigoríficas etc.

Respecto da recollida de lixo da praza haberá de estarse ás prescricións polas que se rexe o servizo de recollida selectiva que presta a Mancomunidade de Concellos do Morrazo ca separación en orixe por envases, vidro, cartóns, produtos orgánicos...

A autoridade municipal instalará na praza de abastos unha báscula de repeso, na que as persoas consumidoras e usuarias poderán, en todo momento, efectuar a comprobación do peso dos artigos adquiridos. A persoa consumidor que considere unha falta no peso da mercadoría en cuestión poderá reclamar a presenza ante a báscula de repeso dun/ha axente da Policía Local que se atope no recinto ou nas súas proximidades ou do/a concelleiro/a delegado/a de Mercados, no caso de que isto sexa posíbel. Se non fose posíbel a asistencia de ningunha das figuras antes mencionadas, e exclusivamente con efectos probatorios, os/as directivos/as da asociación de comerciantes da praza de abastos correspondente poderán dar fe do sucedido e o seu testemuño se terá en conta na posíbel incoación do correspondente procedemento sancionador. A báscula estará sempre nun lugar visíbel e será accesíbel para calquera persoa usuaria ou consumidora.

No taboleiro de anuncios da praza de abastos, informarase ao público da existencia dun Libro de Reclamacións en cada un dos postos de carácter individual, con follas numeradas. A reclamación farase chegar, por medio da propia persoa usuaria ou pola directiva da asociación concreta á Concellaría de Mercados para adoptar, se é o caso, as medidas procedentes e darlle conta á Alcaldía.

A praza de abastos terá, na vista do público, un taboleiro de anuncios no que se farán públicas cantas disposicións sexan de interese tanto para o persoal de vendas coma para o público en xeral. Non se permitirá ningún tipo de publicidade colocada fóra destes taboleiros, agás os rótulos de cada establecemento nos que se anunciará o nome do ou da titular. Non se permitirá o uso particular de altafalantes, aparellos de megafonía, repartimento de impresos, voceo ou calquera outro sistema sonoro de ofrecemento de mercadorías ou produtos. A asociación de comerciantes da praza de abastos poderá facer, de xeito colectivo e tras a conformidade da autoridade municipal, campañas de publicidade conxunta.

O Concello de Moaña posúe os poderes de policía precisos para asegurar o correcto funcionamento dos servizos do mercado municipal, tales coma esixir a observancia das normas relativas ao desenvolvemento do servizo por parte de usuarios/as, concesionarios/as e consumidores/as, a imposición de sancións pola Comisión de Infraccións conforme o establecido neste regulamento e na normativa específica aplicábel, esixir o pagamento das taxas e impostos conforme á respectiva ordenanza fiscal e ordenar e executar o desaloxo dos postos que deban quedar libres ou vacantes segundo o estipulado no presente regulamento.

Artigo 32

Será por conta das e dos titulares dos postos mantelos en bo estado de conservación e hixiene. Calquera obra de construción, adaptación ou reforma que queiran realizar as e os titulares dos postos non se poderá facer sen autorización expresa do Concello. As ditas obras quedarán en propiedade municipal, sen ningún dereito de compensación entre as e os titulares.

CAPÍTULO IX INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 33

As e os titulares dos postos serán responsábeis das infraccións que se cometan contra o presente Regulamento e demais normativas vixentes que afecten ao comercio polo miúdo de alimentación.

Artigo 34

As infraccións das e dos titulares dos postos clasifícanse en: leves, graves e moi graves.

2. Considérase falta leve:

- A falta de limpeza nos postos do mercado.
- Guindar lixo e desperdicios fóra dos contedores.
- O abandono de envases e mercadorías dentro do recinto e arredores.
- Os altercados verbais coa clientela, outros/as titulares dos postos ou calquera outra persoa dentro do recinto.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 2000 euros.
- Manter o posto pechado máis de quince días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen previa autorización municipal, aínda que a ou o titular do posto se atope ao corrente no pago das taxas establecidas.
- A non utilización do uniforme que se entenda estandarizado para todo o persoal de vendas do mercado, así coma o incumprimento das normas de aseo persoal por parte dos/as concesionarios/as e os seus colaboradores e colaboradoras.
- Non estar atendido o posto polo/a titular ou a persoa autorizada expresamente polo Concello.
- A desobediencia ou incumprimento das instrucións da persoa encargada da praza de abastos, en materia da súa competencia.
- Todas aquelas infraccións en relación co presente regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.

3. Considérase falta grave:

- Cometer tres faltas leves no prazo dun ano.
- A venda de produtos distintos aos autorizados polo Concello.
- Negarse a presentar calquera documentación relacionada co negocio que sexa solicitada polo persoal autorizado.
- Os altercados que afecten á boa orde do mercado.
- As defraudacións na cantidade ou a calidade dos produtos vendidos, así como a non sinalización dos prezos e calidades dos produtos expostos.
- Manter o posto pechado máis de trinta días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen previa autorización municipal, aínda que a ou o titular do posto se atope ao corrente no pago das taxas establecidas.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por un valor entre 2000,01 euros e 6000,00 euros.
- Desacato ás ordes ou mandatos das autoridades municipais.
- Empregar ou auxiliarse de colaboradores/as para atender o posto sen cumprir a normativa laboral e/ou as especificacións deste regulamento.

4. Considérase falta moi grave:

- Cometer tres faltas graves no prazo dun ano.
- Os roubos e furtos dentro do mercado.
- O impago das taxas correspondentes.
- Destinar o posto de venda a actividades comerciais diferentes ás autorizadas na concesión.
- Non estar atendido o posto polo/a concesionario/a ou persoal asalariado deste.

- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor superior a 6001,00 euros.
- As ofensas de palabra ou obra ás autoridades municipais, aos/ás axentes da autoridade, ao persoal empregado da Inspección Sanitaria e ás demais persoas usuarias e público da praza.
- O incumprimento da resolución recaída por algunha infracción cometida.
- A realización de modificacións significativas nos postos sen a correspondente autorización municipal ou que modifiquen a súa estrutura construtiva.
- A cesión ou alugueiro do posto sen autorización municipal.
- O incumprimento das condicións hixiénico-sanitarias dos alimentos e dos postos nos que se realiza a súa venda.
- A fraude na cantidade e calidade do xénero vendido.

Artigo 35

O Concello, tras a apertura do correspondente expediente, poderá sancionar a persoa infractora coas seguintes cantidades, segundo a gravidade da infracción, independentemente da cantidade económica que lle supoña á persoa infractora reparar ou repoñer os danos causados.

Faltas leves:

Cun importe entre 30,00 euros e 100,00 euros.

Faltas graves:

Cun importe entre 100,01 euros e 300,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto ata quince días.

Faltas moi graves:

Cun importe entre 300,01 euros e 900,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto por un prazo de ata trinta días ou a rescisión da concesión ou autorización e, consecuentemente, a obriga de deixalo libre no prazo máximo de dez días.

Artigo 36

As faltas incluídas e tipificadas neste regulamento e que teñan a consideración de incumprimentos contractuais, para a súa sanción non precisan da tramitación dun procedemento sancionador, polo que é suficiente para resolver a denuncia da infracción a incoación do procedemento e a audiencia previa ao/á concesionario/a.

A imposición de sancións polos restantes motivos esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionador que deberá de adecuarse á normativa vixente ao respecto. Serán expedientes instruídos pola concellaría competente e resoltos pola Alcaldía.

A rescisión da concesión por incumprimentos contractuais será acordado pola Alcaldía, tras o informe da concellaría competente, con audiencia ao/á concesionario/a do posto.

Para os efectos probatorios ou aclaratorios, a concellaría ou a Alcaldía poderán solicitar información da asociación de comerciantes da praza de abastos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor deste regulamento quedará derrogado o Regulamento da praza de abastos aprobado polo Pleno o 24 de xaneiro de 1995.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O horario de apertura e peche dos postos será o que estableza a autoridade municipal, para cuxa decisión consultará o parecer da asociación de comerciantes da praza de abastos, sempre respectando o establecido na lexislación vixente ao respecto.

Se fose viábel, tanto económica como organizativamente, a apertura en horario de tarde, esta podería ser autorizada pola autoridade municipal no horario que se estipule por parte desta, e que se fixará sempre consultada a asociación de comerciantes da praza de abastos.

A Administración municipal poderá autorizar, por suxestión dos/as concesionarios/as ou da asociación de comerciantes da praza de abastos, a entrada das e dos titulares dos postos no mercado fóra do horario de apertura ao público, sempre que sexa para levar a cabo a preparación do xénero para a súa posterior venda, retirada deste ou para o acondicionamento do posto, mercadorías ou aparellos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Nos primeiros vinte días de cada ano, a asociación de comerciantes da praza de abastos entregará copia no Concello da proposta do calendario laboral correspondente a ese ano no que se incluírán tamén os horarios de apertura e peche ao público.

Este calendario, tras a supervisión e aprobación da autoridade municipal, será considerado oficial e de obrigado cumprimento para todos os usuarios e usuarias da praza. Na súa elaboración, que se lle entregará como unha proposta á Alcaldía, poderán participar todos e cada un dos concesionarios e concesionarias dos postos, estean ou non asociados/as á asociación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os actuais concesionarios terán a obriga de cumprir e quedarán suxeitos ás disposicións deste Regulamento respecto ao réxime dos postos, duración e transmisións. A aqueles vendedores/as que por razón da ubicación do seu posto de venda ou polos produtos que comercializan non estean amparados por este Regulamento, por incompatibilidade co seu contido, concederáse un prazo máximo de cinco anos para adaptarse aos requirimentos establecidos, mantendo os mesmos dereitos e obrigas, agás o de transmisión en calquera das súas modalidades, o que non obstará á regularización inmediata do posto, no que se refire aos produtos á vender ou á ubicación do posto, de darse os presupostos habilitantes para a mesma. Se transcorridos ese prazo máximo de cinco anos non se producise a regularización da actividade, o Concello declarará a extinción da concesión. Concederanse novos títulos a todos aqueles vendedores/as que desenvolven a súa actividade na Praza de Abastos e cumpren coas condicións fixadas neste Regulamento, sexa cal sexa o réxime contractual actual, polo período máximo fixado no artigo 8º, a contar dende o día de entrada en vigor do presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente polo Pleno Corporativo, sexa publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR DE PORTOS DE GALICIA A REDACCIÓN DUN PLAN DE USOS DOS TERREOS DA SÚA COMPETENCIA NO CONCELLO DE MOAÑA.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que levan moito tempo reclamando un plan de usos. Tal como se están a desenvolver ultimamente Portos na súa relación co Concello, é urxente e necesario.

(O Sr. Rodas procede a dar lectura a moción):

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA SOLICITAR DE PORTOS DE GALICIA A REDACCIÓN DUN PLAN DE USOS DOS TERREOS DA SÚA COMPETENCIA NO CONCELLO DE MOAÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual das instalacións portuarias no concello de Moaña é caótica e sen criterios de ordenación nin promoción das actividades que nelas teñen lugar. A distribución dos seus usos baséase na improvisación e no favoritismo puntual. As instalación do porto de Moaña constitúenas os peiraos de O Con, A Mosqueira, Pasaxeiros e o club náutico Moaña-Mar. Neles desenvólvense as seguintes actividades:

PEIRAO DO CON: Nas instalacións portuarias do Con conviven diversas actividades: flota de mexilloeiros, embarcacións de pesca artesanal, 7ª Lista e os servicios municipais de vixilancia e salvamento do areal do Con, bandeira azul. No ano 2009 o Plan Director das Instalacións Náutico Deportivas de Galicia corruxa as previsións de número de atraque e conxelaba os aterrados ata atopar unha solución consensuada, plasmando un uso náutico-deportivo e incluso unha mariña seca. Dende hai tempo que os diversos colectivos veñen unificando as súas necesidades e están demandando de Portos de Galicia a ordenación dos pantaláns existentes para adecuar e regular a necesidade de atraque e amarre que existe no lugar. Ignorando esta petición, vense de anunciar por parte de Portos de Galicia a construción dun pantalán de madeira para ordenar o atraque dos bateiros, sen aportar unha solución que regularice a harmonice as necesidades de tódolos afectados.

PEIRAO DA MOSQUEIRA: Neste porto atracan unhas trinta embarcacións dedicadas ao cultivo do mexillón. Fronte ao barrio do Real e na contorna do areal da Mosqueira temos unha extensa explanada ocupada na súa totalidade por grandes bloques de cemento. Existe desde o ano 2008 un proxecto de ampliación do porto da Mosqueira que leva paralizado dende a primavera do 2009. Curiosamente Portos de Galicia segue afirmando que nunca estivo suspendido, nin moito menos. Simplemente estase traballando na parte técnica para atopar unha solución ao problema da cimentación. Este porto é utilizado principalmente polo sector mexilloeiro quedando unha boa parte do terreo estragado e sen utilizar. A carga, descarga de mexillón ofrece un panorama precario e nas instalacións carece dunha ordenación axeitada convivindo un aparcamento espaxado, actividades deportivas e ata un chiringo-restaurante.

PEIRAO DE PASAXEIRO: Conviven diversos usos: náutico, transporte de Ría, mexilloeiros e servizo de abastecemento de combustible. Na parte norte o uso compartido das diferentes actividades fai que haxa problemas entre os operadores. De feito, tívose que trasladar o pantalán de atraque de pasaxeiros uns 20 metros e poder atracar dúas embarcacións: unha por cada cara e así poder seguir amarrados os balandros na punta do espigón.

CLUB NÁUTICO MOAÑAMAR: Son instalacións náutico-deportivas. Existe unha zona de aterro na explanada do peirao de Pasaxeiros que está sen desenvolver onde se debe levar a cabo a construción das instalacións do club social, unha zona de aparcamento e mariña seca. A entrada das embarcacións dedicadas ás actividades

deportivas transcorre entre as proximidades do pantalán de atraque dos barcos de pasaxe provocando certa confusión e perigo entre as distintas actividades.

Por todo iso faise preciso a elaboración urxente de un Plan de Usos Portuarios, que ordene e regularice as diferentes actividades e usos que poden ter lugar nas instalacións portuarios. Precisase ordenar racionalmente os atraques e as distintas actividades para saber cada quen onde debe ubicarse e en que condicións. De seguir esta dinámica de improvisación podemos encontrarnos con ter instalados nas instalacións portuarios: restaurantes, depósitos de cemento, centros da terceira idade, oficinas turísticas pechadas, axencias de viaxe sen actividade, etc., etc. Actividades que nada teñen que ver coa actividade portuaria.

E podemos ter instalacións portuarias onde haxa embarcacións da 4ª Lista, da 3ª e da 7ª todas mesturadas, co único criterio de ver quen ten contacto co presidente de turno para que lle faga a instalación pertinente adecuada ás súas necesidades.

Polo dito propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Reclamar á Xunta de Galiza a entidade Portos de Galicia a redacción dun Plan de Usos do Porto de Moaña.

- Que antes da súa aprobación sexa remitida ao concello de Moaña e aos diferentes colectivos sociais que teñen a súa actividade nas instalacións do porto de Moaña (O Con, Mosqueira, Pasaxeiros e Moñamar), a fin de valorala e ter a oportunidade de consensuar unha proposta que responda as necesidades reais dos diferentes usuarios.

- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.”

o Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que está pendente de contestar ás ampliacións no peirao da Mosqueira. Respecto das aulas de Domaio para o cultivo de rodabaio, ¿cómo está a licenza experimental que se concedeu?. Portos de Galicia foi cambiando de Conselleiro sen criterios de actuación respecto da ampliación de peiraos, reformas das fachadas dos paseos marítimos...

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo e Medio Ambiente, di que os Concelleiros da oposición presentan unha situación cáotica das instalacións portuarias. Logo de gobernar oito anos, ¿danse conta agora?. ¡Benvidos á realidade!. Respecto da improvisación e favoritismo puntual, ¿refírense aos oito anos nos que gobernaron ou a estes meses que levamos a gobernar?. Sobre o porto da Mosqueira, ¿o problema xurdiu agora, da noite á mañá?. O proxecto é do 2008 e leva parado dende o 2009. pasaron dous anos. ¿Qué fixeron vostedes para retirar os bloques?. Nós xestionamos con Portos a retirada temporal dos bloques de cemento. O chiringuito, que tanto lles molesta, ¿apareceu agora?. Sobre o porto de Pasajes, se fixo o que se fixo de acordo cos usuarios e a empresa naviera e bateiros, ninguén se queixou. Respecto dos outros dous portos, parece que se esqueceron do porto de Domaio, inclúese nas xestións con Portos para futuras melloras. Estase a colaborar con Portos para a redacción de un plan estratéxico da Náutica recreativa.

O Sr. Pastoriza afirma que o Alcalde non ten por qué defender aos Gobernos da Xunta. Son obras con moito impacto no litoral, non creo que se meta o dedo no ollo a

ninguén. O importante é qué se ordena. Imos apoiar a moción posto que se vai ampliar a Meira e Domaio onde se acometeron actuacións na anterior lexislatura. Trátase de dar traslado á Administración competente de actuacións importantes.

O Sr. Rodas afirma que o que se pretende co plan de usos é poñer un pouco de orde. O uso dos portos non está ordeado. Os últimos movementos de Portos van noutra dirección. Queremos que se deslinde e orde o espazo portuario. Tamén se poderían determinar as necesidades cun criterio de racionalidade. O único que debe facer Portos. Os portos que temos cada un é do seu pai. Que Portos elabore un plan básico e fundamental determinando os usos.

A Sra. Varela di que están de acordo co plan de usos. Semella que hai favoritismos ou que o Goberno está de brazos cruzados. Hai que loitar.

O Sr. Alcalde sinala que é de agradecer que se lembren de Domaio e Meira. Hai que regular. Estamos a traballar en ordear, de Domaio a Tirán. Temos que arrimar o homeiro. Os veciños merecen todas as instalacións necesarias e que poidan ter un local. O Concello non ten cartos ou terreos. Temos que acudir a outras administracións para traer cousas a Moaña.

O Sr. Rodas di que o Alcalde non tratará de xustificar a súa brillante actuación en Domaio, ou en dotar ao clube de xubilados en terreo portuario. Hai que determinar quen son os usuarios. Nese terreo non cabe outro tipo de instalacións. Solo para os que traballan nese ámbito. Trátase de ordear os espazos. Plasmar nun documento todas as necesidades.

O Sr. Alcalde afirma que o local de maiores en Meira vaise facer, mal que lle pese.

O Sr. Rodas di que se isto fose un país normal non se establecería un centro da terceira idade nun porto.

O Sr. Alcalde responde que este é un país normal, con xente normal con moitas necesidades. O ubicaremos onde a lei permita e sempre que mellora a vida dos veciños.

O Sr. Rodas sinala que hai instrumentos urbanísticos que evitan a necesidade de ter que instalar esa dotación aí.

O Sr. Pastoriza di que non era a súa intención abrir un debate respecto de que un ente que orde a actividade pesqueira financie un clube de xubilados. Na costa de Moaña hai espazos para todos, para os negocios e para o ocio.

O Sr. Alcalde sinala que quedan todos invitados á inauguración do clube de xubilados de Meira.

O Sr. Rodas di que prefería plantexar a moción brevemente. Vexo que non hai maneira. Buscamos o apoio a esta moción para que Portos faga algo importante para Moaña.

Non se suscitan máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG para solicitar de Portos de Galicia a redacción dun plan de usos dos terreos da súa competencia no Concello de Moaña, aprobándose por unanimidade dos presentes, cos seguintes acordos:

- Reclamar á Xunta de Galiza a entidade Portos de Galicia a redacción dun Plan de Usos do Porto de Moaña.

- Que antes da súa aprobación sexa remitida ao concello de Moaña e aos diferentes colectivos sociais que teñen a súa actividade nas instalacións do porto de Moaña (O

Con, Mosqueira, Pasaxeiros e Moañamar), a fin de valorala e ter a oportunidade de consensuar unha proposta que responda as necesidades reais dos diferentes usuarios.

- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROGRAMACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL EN MOAÑA.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, afirma que traen esta moción logo de dar moitas voltas ao tema do polígono industrial na Cruz da Maceira nos últimos dez anos e logo dos informes ao respecto habendo varios Conselleiros nos distintos Gobernos, por exemplo o Sr. Feijóo, Conselleiro de Obras Públicas e emitíuse o primeiro informe desfavorable, o mesmo sendo responsable Dona María José Caride, co Bipartito, que tamén emitíu informe desfavorable, e tamén Agustín Hernández, actual Conselleiro, o informe é desfavorable. Fervenza falaba de que os informes eran desfavorables co Bipartito pero que cando houbera un goberno amigo, do PP, non debería haber problemas. Polo que semella, o goberno amigo non o é tanto. A última estocada ao polígono ven de dala o Instituto Galego de Vivenda e Solo, en informe ao Plan Sectorial de ordenación de áreas empresariais o declara inviable. No BNG non coñecemos, en todos estes anos de tramitación, un solo informe favorable. Incluso Medio Rural, declara a zona rústica de protección forestal. A resolución de aprobación definitiva do Plan Xeral, tanto a do ano 2008, que declara zona de protección forestal, como a do 2011, co PP gobernando, é idéntica, con Goberno de distinta cor na Xunta. Hoxe en día, na realidade, Moaña non conta con solo industrial aprobado, o mts cadrados. Ante esta situación, plantexamos a seguinte moción (O Sr. Piñeiro da lectura á moción):

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. SOBRE PROGRAMACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL EN MOAÑA

Moaña non conta a día de hoxe con un só metro cadrado de solo industrial. As Normas Subsidiarias de 1996 programaban o desenvolvemento dun polígono industrial no Cocho-O Latón que dese servizos ás industrias xa existentes en terreos do Porto de Vigo e permitíase a instalación doutras relacionadas co mar, así como dúas pequenas bolsas de solo industrial en Sanchelán e As Abilleiras que permitían regularizar as naves xa construídas, mais que non eran susceptibles de posteriores desenvolvementos. A nova lexislación sobre protección do territorio aprobada a partir de 1997 inviabilizou o mantemento do Plan Parcial do Cocho-O Latón.

No proceso de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal chegaron a propoñese en 2005 tres ámbitos de solo industrial: un primeiro na Fontenla, en Domaio; un segundo, no Magosto, en Meira, e un terceiro na Cruz da Maceira, en Moaña, este último promovido por unha Asociación de Propietarios que entre adquisicións xa realizadas e un convenio asinado coa Xunta de Montes de Moaña afirmaba xestionar a pé de 450.000 metros cadrados.

Ao longo da tramitación do Plan Xeral, cada un destes ámbitos tivo que ser sucesivamente desbotado: o da Fontenla tras as alegacións á aprobación inicial efectuadas pola Comunidade de Montes de Domaio, propietaria da maioría dos terreos incluídos; o do Magosto, ante o informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en 2008, que sinalaba a súa inviabilidade ao incluír unha ampla rede de restos arqueolóxicos; e o da Cruz da Maceira, tras os informes negativos emitidos sucesivamente pola Dirección Xeral de Sostibilidade e Calidade Ambiental en 2008; da Dirección Xeral de Urbanismo en 2008, ao denegar a aprobación definitiva do P.X.O.M. de Moaña; da Dirección Xeral de Montes en 2009, que argumenta entre outras cousas que os terreos comunais deben ser clasificados urbanisticamente como Solo Rústico de Protección Forestal; e finalmente na resolución da Secretaría Xeral de Urbanismo, que concede a aprobación parcial do Plan en xullo de 2011, pero obriga a excluír o ámbito de solo industrial da Cruz da Maceira.

Desde 2009, ante a evidencia cada vez maior de que a Secretaría Xeral de Urbanismo non ía aceptar a súa inclusión no P.X.O.M., o entón portavoz do PP e actualmente alcalde de Moaña, un dos promotores do polígono, veu afirmando publicamente que, independentemente do que ocorrese co planeamento municipal, o ámbito da Cruz da Maceira ía ser recualificado pola Xunta de Galicia dentro do Plan Sectorial de Solo Industrial que estaba elaborando a Consellería de Medioambiente. Unha vez dada a coñecer nas últimas semanas a proposta de Plan que rexerá os desenvolvementos industriais de toda Galiza ata 2024, descubrimos tamén a magnitude do engano: a Consellería de Medioambiente declara inviable o Polígono Industrial da Cruz da Maceira, por motivos xa repetidas veces sinalados, e sitúao no antepenúltimo lugar no *ranking* de prioridades da Xunta. En fin, as promesas do alcalde de Moaña dos últimos doce anos, os apoios e compromisos de presidentes da Deputación, Conselleiros, Directores Xerais e do propio Presidente da Xunta acabaron sendo os vimbios para un engano colectivo que non se pode soste máis.

Entre unhas promesas e outras, a realidade é que a día de hoxe Moaña non conta con un só metro de solo industrial e o Plan Xeral que debería rematar a súa tramitación nos próximos meses tampouco prevé no horizonte de 15-20 anos ningunha posibilidade de desenvolvemento urbanístico que o habilite. É dicir, quedan anuladas para o noso concello as posibilidades de implantación de novas industrias, a ampliación das existentes ou de traslado de actividades molestas e insalubres situadas dentro ou nas proximidades dos cascos urbanos.

Nestas circunstancias, e coñecedores das dificultades de implantación de grandes áreas industriais no noso concello, por razóns orográficas ou derivadas da lexislación urbanística; conscientes tamén de que é deber da Corporación programar o desenvolvemento urbanístico de Moaña a longo prazo, independentemente das posibilidades de execución inmediata, porpomos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Instar ao goberno municipal para que inicie a elaboración dun estudo sobre as necesidades reais de solo industrial e empresarial do Concello de Moaña a curto, medio e longo prazo e as posibilidades de cubrir esas necesidades.
- 2.- Delimitar a través de dito estudo os ámbitos susceptibles de acoller instalacións industriais, en forma de polígono industrial ou micropolígono empresarial, cunha análise ponderada dos custes de execución dos equipamentos, a súa viabilidade xurídica e o respecto ao medioambiente e ao patrimonio.
- 3.- Unha vez elaborado ese estudo, tramitar as propostas urbanísticas viables dentro do proceso de aprobación definitiva do P.X.O.M. ou, se este estivese xa en vigor, como modificacións puntuais do planeamento.”

O Sr. Alcalde sinala que hai unha solicitude de palabra neste punto. Antes quero dicir que estiven na asociación de empresarios, dez anos, nunha asociación constituída ante notario no ano 2003. Dentro dos empresarios tamén había emprendedores, había traballadores do naval que querían obter solo para constituir as súas empresas. Decidiuse entre todos, cen empresarios buscar solo, dende Domaio a Tirán, o mellor posible para a creación do polígono industrial. Buscouse o mellor sitio. Quero agradecer á Comunidade de Montes de Moaña que se brindou a colaborar ca Asociación de Empresarios para que Moaña tivese un polígono industrial. Tamén á Zona Franca, que apoiaron os convenios que se lles remition. O Presidente toruxo máquinas para facer catas no monte e ver se era viable ou non. Agradecer tamén a todos os Grupos Políticos que sempre polo polígono industrial na Cruz da Maceira. Tamén aos Técnicos de Moaña que, sen cobrar un euro e aos técnicos do Concello colaboraron sen cobrar e a todas as Administracións que participaron neste traballo. Estamos a buscar a mellor fórmula. O polígono industrial é o futuro de Moaña. Teño unha nota de prensa, de novembro do 2008, onde o Sr. Millán afirma que seguía a defender o polígono industrial na Cruz da Maceira. Tamén quero agradecer a unha persoa, Pepito Sanmartín, polo esforzo feito. Falaba de que ese polígono ía ser o polígono ecolóxico de Moaña, que respectara o medio ambiente, que se abastecese de enerxía solar e onde poderíamos meter o punto limpo e empresas contaminantes da ría. En Moaña van rematar moitas concesións e Fandicosta unha delas. E apostou polo polígono. Cen empresarios que non tiran a toalla, que puidemonos equivocarnos por esa franxa de protección, que está aí. Temos que esgotar o último alento para que o polígono esté aí. A Vía Rápida tamén pasou por aí. Non tiro a toalla. O polígono de Moaña ten que ser na Cruz da Maceira. A maioría das empresas involucradas no Polígono Industrial son autónomas, non van con corbata, son xente traballadora. Non hai especulación como se me acusou a min dende esas bancandas de comprar terreos a 6 euros, 10 euros. Pódese demostrar a qué prezos se compraron os terreos. Que me acusen de especular, a documentación está no Notario. Debemos insistir na aposta. Os proxectos requiren o seu tempo, podo falar de proxectos que levaron dez, doce anos.. O que realmente me doeu é que nos chamaran especuladores. Non é especulación, e suor e lágrimas dos empresarios para sacar isto adiante. Nonn tiremos a toalla. É o polígono de todos.

D. Luís Álvarez Amorín, Presidente da Agrupación do Polígono Industrial de Moaña, procede a dar lectura ao seguinte escrito:

“MOCIÓN BNG

Como presidente da Agrupación do Polígono Industrial de Moaña á que represento dende o ano 2007, tomo a palabra neste pleno para aclarar as seguintes cuestións.

En primeiro lugar, queremos aclarar que non somos unha asociación de propietarios senón unha Agrupación de 116 empresas de Moaña e arredores, de distintos sectores de actividade, as cales empregan a centos de traballadores. Que levamos pelexando por este polígono dende o ano 2002, cun investimento total a día de hoxe de máis de un millón de euros.

Ao longo destes 10 anos barallamos varias posibilidades para atopar viabilidade ao noso proxecto:

- Nun principio os políticos aconselláronnos que optásemos por un proxecto de ámbito supramunicipal.

Cando este proxecto estaba redactado e presentado indicáronnos que a mellor opción sería incluílo no PXOM de Moaña, que nese momento atopábase en redacción.

- Levamos a cabo todas as modificacións necesarias e a nova documentación para poder incluílo no PXOM. Novamente tanto o equipo redactor do PXOM como a Xunta comunicáronnos a necesidade de reducir o ámbito e presentar a documentación corrixida do noso proxecto con todas as modificacións indicadas.

Feitas e presentadas estas últimas modificacións, no ano 2008 a Dirección Xeral de Urbanismo volve denegar a aprobación do PXOM e con respecto ao Polígono alega que non está debidamente xustificado.

- Ante esta resolución volvemos presentar nova documentación, incluíndo un “Estudo Ambiental do Espazo Montes do Morrazo” e inclúense estes documentos ao PXOM de Moaña, o cal foi aprobado parcialmente en xullo do 2011. nesta aprobación parcial quedan pendentes de aprobación varios convenios urbanísticos de uso residencial e industrial, entre eles o Polígono de Cruz da Maceira.

Xa no ano 2009 a Xunta de Galicia comunicounos que se estaba desenvolvendo o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais de Galicia, o cla inclúe un área industrial Moaña-Marín na zona da Cruz da Maceira-Pastoriza.

O 5 de xaneiro do presente ano, sae a exposición pública o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais de Galicia. Neste Plan o Polígono Moaña-Marín na valoración xeral outórgaselle unha puntuación de 73 puntos (entre 0-100), esta valoración vese reducida ao aplicarlle un coeficiente corrector do 0,4% pola afección dunha liña de alta tensión, quedando a puntuación en 29 puntos.

En vista desta nova situación a nosa Agrupación presentará alegacións a esta corrección, debido a que o trazado da liña de alta tensión transcurre por fóra da delimitación proposta para o Polígono e polo tanto non nos afectaría.

CONCLUSIÓNS

Poderán comprobar que neste últimos dez anos non paramos de loitar por un proxecto que consideramos prioritario para a nosa Comarca.

Independentemente de gobernos e partidos políticos aceptamos e adaptámonos a todas as posibilidades propostas.

Esquecéndonos de promesas e ciñéndonos á realidade entendemos que o Polígono Moaña-Marín, unha vez tidas en conta as nosas alegacións, sí poderá ser unha realidade.

Recordámoslle que a corporación municipal de Moaña ao completo votou, no seu día, a favor do Polígono Industrial en Cruz da Maceira, logo de chegar á conclusión de que non era o sitio idóneo pero que non había outro mellor para situalo no municipio de Moaña.

SOLICITAMOS

Por todo o exposto na miña intervención, solicitamos ao BNG retire esta moción para non interferir no desenvolvemento do noso proxecto.”

O Sr. Álvarez engade que a puntuación, na cuestión ecolóxica é alta. Ca modificación das Directrices de Ordenación do territorio os montes do Morrazo non se incluíron nin na Rede Natura nin nos espazos de especial protección. Solicitamos a retirada da moción deste Pleno, ou ben deixalo pendente ata cando haxa un no rotundo respecto do Polígono. (Aplausos).

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que o PSOE comparte basicamente a parte expositiva da moción. Fai un relatorio certo do devenir desta proposta. Falta engadir que en cada fito, que en cada trámite que fixo a asociación de empresarios solicitaba e obtiña o apoio unánime dos Grupos da Corporación. Sempre obtivo ese apoio maioritario. Lembro un encontro neste salón de Plenos onde eu, como Voceiro do Grupo Socialista me fixen eco da idea de que ao mellor a ubicación non era a ideal pero que non había outra, con dúbidas respecto ao financiamento da construción do Polígono. Hoxe sería inviable, co que pasa na construción de polígonos. Nunca rexeitamos a idoneidade do Polígono, da man dos empresarios. Por coherencia e, á espera da resolución definitiva do ente competente respecto do Plan Sectorial en marcha, ímonos abster. Está moi preto o último momento de apoio a esta proposta. Os tempos rematan para apoiar a súa inclusión no PXOM ou no Plan Sectorial. Nese momento haberá que buscar alternativas por parte do Concello. Espero que o Alcalde, que ten ligada a súa vida política a este proxecto, dea explicacións aos promotores, aos empresarios que fixeron esa aposta e tamén aos veciños de Moaña. Imos agardar á resposta definitiva do organismo competente, entón haberá que valorar a decisión de aprobar tal ou cal cousa en colaboración cos actores principais, os empresarios.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, pide ao Concelleiro do BNG, Sr. Piñeiro, que faga gala de boa memoria e que non intente maquillar a realidade. No seu momento non parecían ter tantas dúbidas. Imos facer unha cronoloxía: Ano 2003, a Asociación de empresarios pon en marcha a área industrial. Ano 2004, Millán asina un convenio ca Asociación de Empresarios afirmando que está interesado en promover e desenvolver un polígono industrial na Cruz da Maceira. En novembro do mesmo ano, Millán con Francisco López da Zona Franca, Millán compromete a máxima colaboración para implantar un polígono industrial na Cruz da Maceira. Ano 2007, programa electoral do BNG, punto nove: Dotar a Moaña de solo industrial e empresarial mediante a aplicación do PXOM e co apoio económico das administracións públicas. Ano 2008, Faro de Vigo, xullo, a Comisión do PXOM garante o seu apoio ao polígono industrial de Moaña. Valentín sinala: Aportaremos os argumentos técnicos e xurídicos para que a Xunta de luz verde ao Polígono Industrial da Cruz da Maceira. Dous de novembro, Atlántico Diario: O Alcalde de Moaña segue a defender o seu parque industrial. Moaña ultima a aprobación definitiva do seu PXOM onde figura un parque Industrial na Cruz da Maceira. Decembro do mesmo ano: Todos os Grupos Políticos asinan unha alegación á Xunta tratando de seguir adiante cun Polígono na Cruz da Maceira, defendendo a ubicación do Polígono na Cruz da Maceira por ser a única onde é posible ubicalo. Ano 2009, 2 de febreiro: Teresa Táboas di que o Polígono na Cruz da Maceira é mera especulación.. É dicir, Teresa Táboas chama especulador a Millán. Ano 2010, marzo, Millán afirma: O Concello xa solo ten pendente a aprobación definitiva do PXOM que contempla un parque industrial na Cruz da Maceira. Ano 2011, Millán di que o Polígono da Cruz da Maceira non ten futuro. Tira a pedra e esconde a man.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, di que habería que completar o listado detallado. O 21 de febreiro de 2012, José Fervenza afirma que o BNG nunca apoiou o Polígono na Cruz da Maceira. Poña iso, entón o retrato é completo. Menos mal que hai alumnas aplicadas que recollen o que dixen dende o 2003. Os empresarios contaron co apoio do BNG nas súas xestións e votamos o PXOM onde se recollía a primeira proposta que fixeron. Como fixemos iso, podemos dicir agora que a proposta, dende o noso punto de vista, non ten futuro. Dixémolo no noso programa electoral do 2011. O Polígono na Cruz da Maceira non ten futuro. É obriga dos Grupos Políticos manifestar cal é a súa impresión. En abril do 2011 o candidato do PP á Alcaldía xuraba que o Polígono, que non podería aprobarse dentro de un Plan Xeral, se aprobaría no Plan Sectorial de solo industrial. Hoxe sabemos que en xullo a Secretaría Xeral de Urbanismo dixo non ao Polígono Industrial na Cruz da Maceira. Agora en xaneiro o Plan Sectorial de solo industrial incide nesa liña. Os únicos “sis” que conseguiu das Administracións foron os do Pleno desta Corporación. Por iso Valentín preguntou cal das resolucións ou informes das Administracións competentes deu espranzas, en dez anos. Nin Montes, nin Calidade Ambiental, Medio Ambiente, nin Urbanismo... e se pensa que a próxima vai sair. O Alcalde fala de arrimar o lombo. E sempre acontece o mesmo que aconteceu nesta ocasión. O resultado, unha vex que os técnicos analizan os proxectos, é que non pode ser aí. Falamos nestes termos porque durante sete ou oito anos acomopañamos aos promotores en todas as iniciativas sobre o Polígono na Cruz da Maceira. Non imos dar palmadiñas no lombo sobre algo que non ten recorrido dende o noso punto de vista. Na nosa proposta electoral do 2011 falabamos de pequenos polígonos, non de talleres detrás de cada casa. Cando falamos cos empresarios dende o 2008 dixémoslles con

honestidade que era moi difícil ou case que imposible, aínda así mantivemos o apoio. Pero chega un momento en que hai que empezar a mirar para adiante. Non negamos a posibilidade de que mediante alegacións os promotores poidan modificar o Plan Sectorial de solo industrial e que non se poida facer. Teñen todo o dereito. Nós Concelleiros podemos non obstaculizar, pero temos unha responsabilidade ante os moañeses, porque no PXOM non habería solo industrial e nós temos a obriga de anticiparnos. Non propoñemos desgotar nada. Propoñemos que se empecen os traballos para estudar as posibilidades de habilitar solo industrial a través de un instrumento municipal non da Xunta de Galicia. Queremos abrir un debate, que a cousa se discuta e se fale. Que se falen as distintas opcións, agora que solo queda un paso, as alegacións e agardar a resposta. Esta moción no prexulga a decisión que vaia adoptar a Administración. Que o Goberno Municipal encargue un estudo de necesidades de solo industrial e posibilidades de cumprilas a través do planeamento municipal, ben sexa a través de un polígono ou de pequenos polígonos industriais. Algo que poida ser facilmente executable no planeamento. Entendo que haxa Grupos que prefiran agardar ou que se sintan suxeitos a esta única solución. No BNG queremos abrir un debate na Corporación e na sociedade sobre a posibilidade de esta ou outras propostas. Se ao final isto sae adiante e se obtén financiamento nós non imos poñer obstáculos. Imos adiantarnos ao que cremos que vai pasar, que o Plan Sectorial de solo Industrial contra o que afirmou o actual Alcalde de Moaña en abril do 2011 non vai recoller ese Polígono. Xa non o recolle agora, que contempla un a medio camiño con Marín e na súa maior parte en terreos de Marín. Cremos que o definitivo non vai recoller nada.

O Sr. Alcalde pregunta se o Sr. Piñeiro quere dicir algo. Non sei quen presenta a moción. O que están a facer é debater dous Concelleiros a mesma moción. O BNG ten unha quenda de intervención. Aquí hai máis partidos políticos. Millán se queres debater lee a moción, se crees que o teu compañeiro non é capaz de defendela. O que non podeades é dous debater a mesma moción. Isto non o vou permitir máis. O que se está a facer non é correcto. Na moción vai intervir o Concelleiro que presente a moción.

O Sr. Millán di que vai esperar a que precisamente faga iso. Non entendo como un debate sosegado e sereno acaba cunha posición autoritaria: Millán, tes que facer o que eu che mande.

O Sr. Alcalde di que é o que marca o regulamento, vostede o coñece mellor ca min. Tamén os demais queren falar.

O Sr. Piñeiro afirma que se o que pretende o Alcalde é provocarme non o vai conseguir. Xa o outro día que tiña a palabra non me deixou intervir. É igual, non vou intervir.

O Sr. Pastoriza sinala que non quere aclarar ou corrixir a ninguén. Seremos coherentes. Gústame a parte expositiva da moción. Fallan nos tempos. A moción non vai contra ese proxecto dos empresarios pero de aprobarse levaría máis desánimo ao colectivo que xa está desanimado de abondo. Creo que non é o momento oportuno. O último momento está moi preto. Se o Alcalde ten capacidade para influir en mellorar a valoración do Plan Sectorial, úsea, terá o apoio de todos os Grupos, pero úsea xa. O tempo acábase.

A Sra. Varela pregunta se o Sr. Millán dixo se vai apoiar o Polígono, se finalmente tira a toalla. ¿Qué acaba de dicir?.

O Sr. Millán responde que falou con claridade. O BNG vai propoñer que se tomen outras alternativas de solo industrial, recoñecendo o dereito dos propietarios a defender todas as oportunidades que teñan. Agora, unanimidade no apoio a conseguir o Polígono na Cruz da Maceira?. Non.

O Sr. Alcalde afirma que hai outros proxectos coma este, que levan dez anos. Casos como o Centro de Saúde, o Auditorio... e seguimos apostando por eles. Non tiro a toalla. Sigo apostando por todos os proxectos importantes para Moaña: Centro de Saúde, Auditorio, Gardería, vivendas sociais todos levan máis de dez anos. O demais é responsabilidade vosa. Non vou renunciar a nada. Ao Polígono Industrial, menos. Se queredes apoiar o podedes facer. Seguirei pelexando e traballando. Veremos se ca lei na man se pode telo.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción do BNG sobre quedando rexeitada por sete votos a favor, dos Concelleiros do BNG, dúas abstencións, dos Concelleiros do PSG-PSOE, e oito votos en contra, dos Concelleiros do PP.

O Sr. Millán pide unha cuestión de orde. Se o Sr. Alcalde vai aplicar aos Concelleiros do BNG estrictamente o Regulamento, quero lembrarlle que nas mocións a última palabra corresponde ao Grupo que promove a moción. O Alcalde, neste Pleno e por dúas veces colleu a última palabra. Esa foi norma e hábito neste Pleno.

O Sr. Alcalde responde que o Sr. Millán é o menos indicado para pedir iso.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Concelleira do BNG, Sra. Nogueira afirma que quere facer un rogo e unha pregunta. A páxina web do Concello non se ven empregando de maneira regular. Xa o denunciámos hai cinco meses. A información non aparecía ou aparecía tarde. Non se corrixiu. Agora atopámonos con que o programa do Entroido presentouse tarde. O rogo é pedir que se de o valor que debe ter a unha ferramenta tan utilizada para informar eficazmente aos veciños das actividades do Concello. Ata abril do 2011 publicábanse as actas do Pleno e da Xunta de Goberno. Queremos saber as razóns polas de que se deixaron de publicar.

O Sr. Alcalde sinala que estivo hoxe co Axente TIC. Tamén lle corresponde actualizar a páxina web. Non está actualizada pero se mañá entra na páxina verá que se comezou a poñela ao día. Solicitarei aos Departamentos correspondente para trasladar información.

A Concelleira do BNG, Sra. Cruz, afirma que respecto do Clube de Xubilados Santa Eulalia de Meira, iremos cando estea listo. ¿Hai proxecto ou non existe?.

O Sr. Alcalde responde que cando o Pleno remate mostrará á Concelleira o proxecto no despacho. Pode miralo. Tamén entregarei unha copia a todos os Grupos.

O Concelleiro do BNG, Sr. Rodas, afirma que asistiron a unha entrevista televisiva onde unha marioneta, unha personaxe sen cabeza dicía ser o Sr. Millán. Pódese comprobar que foi grabado na Sala de Xuntas do Concello. Estase a empregar as dependencias municipais con fins partidistas. ¿Poderá calquera veciño de Moaña empregar as dependencias municipais para facer declaracións ou solo os militantes do PP?. ¿Cal será o motivo de que as obras de As Barxas Berducedo comezen pola metade?

O Sr. Alcalde pregunta se se trata de unha pregunta ou de un chiste. Cando os veciños veñen ao Concello a solicitar o salón de Plenos e está ocupado con algún acto

ofrecemos a opción de outra dependencia municipal. A autorización dina eu. Respecto das obras que está a facer a Deputación, dareille traslado da súa pregunta de se comezaron pola metade, por arriba ou por abaixo.

A Concelleira do BNG, Sra. Ríos, pregunta polo Proxecto de Seguridade Vial da PO-551.

O Sr. Alcalde lamenta as vidas que se perderon. Trasládareille as propostas de mellora das estradas. Estase a traballar no proxecto. Ao Concello non chegou nada.

O Concelleiro do BNG, Sr. Piñeiro, pregunta pola estrada As Barxas-Berducedo. O Alcalde falou antes de falta de respecto. A falta de respecto é a súa. Preguntei o martes en Comisión Informativa de Urbanismo do martes e respondeu que non tiña nada que informar. Teño que preguntar polas obras. Celebramos que a Deputación iniciase un segundo tramo. O que terían que facer agora é comezar dende A Moca ata arriba. Vaise executar a obra segundo o proxecto dende a Moca a suba das Pagonas?. Fáganos chegar a acta de replanteo e os planos.

O Sr. Alcalde responde que trasladará copia da acta e do proxecto.

A Concelleira do BNG, Sra. Riobó afirma que na Comisión Informativa de Deportes o Concelleiro remitiunos un prego das instalacións do Beque. O documento non é punto de partida de nada. ¿Cal é a proposta do Goberno?. Son vostedes os que teñen que decidir. As instalacións xa terían que estar funcionando en marzo.

O Sr. Alcalde sinala que o Concelleiro xa lles informou que terían unha reunión esta semana. Haberá que falar e darse os pasos. O Concelleiro xa falou de que non daba tempo para inicialo agora. Na reunión haberá que facer unha folla de ruta.

A Sra. Riobó afirma que non hai proposta do PP. Ten que dicirmos cal é o punto de partida. Nós axudaremos no que faga falta.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintedúas horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO